

**PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
EXCMO. CONCELLO DE FRADES**



XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente por Orde da Conselleira
de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio

de data **09 XAN. 2018**

A xefa do servizo de Planificación
Urbanística III

Lucía Linares Yáñez



DOCUMENTO DE APROBACIÓN DEFINITIVA

DOCUMENTO 1 : MEMORIA, ESTRATEXIA DE ACTUACIÓN E ESTUDIO ECONÓMICO

DILIXENCIA.- Para facer constar que o presente documento forma parte do PXOM de Frades, aprobado provisionalmente por este Concello en Sesión Plenaria celebrada o día 12 de setembro de 2017.
Frades, 18 de setembro de 2017.
A Secretaria do Concello de Frades.

Asda.:
Carmen Gómez Otero



CAPÍTULO 1. INTRODUCCIÓN.....	3
1.1.- CONTIDO DO DOCUMENTO.....	3
1.2.- ANTECEDENTES.....	4
1.3.- CONCURSO E ADXUDICACIÓN.....	4
1.4.- CONVENIENCIA E OPORTUNIDADE DO P.X.O.M. DE FRADES.....	4
1.5.- ÁMBITO DE INFLUENCIA.....	5
1.6.- CALENDARIO.....	5
1.7.- PLANTEXAMENTO XENÉRICO.....	6
1.8.- A FIGURA DA APROBACIÓN INICIAL.....	7
CAPÍTULO 2.- MEMORIA INFORMATIVA.....	8
2.1.- O MEDIO FÍSICO.....	8
2.2.- PROBLEMAS DERIVADOS DO MEDIO FÍSICO.....	9
2.3.- A DEMOGRAFÍA.....	10
2.3.1.- A POBOACIÓN COMARCAL.....	10
2.3.1.1.- O estado da poboación.....	10
2.3.1.2.- Evolución da poboación.....	10
2.3.2.- A DEMOGRAFÍA MUNICIPAL.....	12
2.3.2.1.- O estado da poboación.....	12
2.3.2.2.- Evolución da poboación municipal.....	13
2.4.- PROBLEMAS DERIVADOS DA DEMOGRAFÍA MUNICIPAL.....	16
2.5.- A ACTIVIDADE ECONÓMICA.....	16
2.6.- PROBLEMAS DERIVADOS DA ACTIVIDADE ECONÓMICA.....	18
2.7.- O MEDIO URBANO.....	18
2.7.1.- ANÁLISE DA MALLA URBANA.....	18
2.8.- PROBLEMAS DERIVADOS DO MEDIO URBANO.....	19
2.9. A VIVENDA.....	19
2.10.- A ORDENACIÓN MUNICIPAL.....	19
2.10.1.- AS DIRECTRICES DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO.....	19
2.10.2.- O PLANEAMENTO MUNICIPAL.....	19

2.10.3.- O PLANEAMENTO DOS CONCELLOS LIMÍTROFES.....	20
2.11.- PROBLEMAS DERIVADOS DA ORDENACIÓN URBANA.....	20
2.11.1.- A CLASIFICACIÓN DO SOLO.....	20
2.11.2.- O SOLO URBANO.....	21
2.11.3.- OS NÚCLEOS RURAIS.....	21
2.11.4.- OS SISTEMAS XERAIS.....	21
2.11.4.1.- A rede de comunicacións.....	21
2.11.4.2.- Os equipamentos.....	22
2.11.4.3.- Os espazos libres.....	22
2.12.- INCIDENCIA DA LEXISLACIÓN SECTORIAL VIXENTE.....	22
2.13.- ANÁLISE DAS INFRAESTRUTURAS MUNICIPAIS.....	23
2.13.1.- INFRAESTRUTURAS VIARIAS.....	23
2.13.2.- INFRAESTRUTURAS DE SERVIZOS.....	24
2.13.2.1.- Abastecemento de auga.....	24
2.13.2.2.- Saneamento.....	24
2.13.2.3.- Residuos sólidos urbanos.....	24
2.14.- ANÁLISE DOS ESPAZOS LIBRES E EQUIPAMENTOS EXISTENTES.....	24
CAPÍTULO 3.- MEMORIA DE ORDENACIÓN.....	27
3.1.- O MODELO DE ASENTAMENTO PROPOSTO E A ESTRUCTURA XERAL E ORGÁNICA DO TERRITORIO.....	27
3.2.- XUSTIFICACIÓN DA PROPOSTA.....	28
3.2.1.- CRITERIOS DE CARÁCTER XERAL APLICADOS.....	28
3.2.2.- CRITERIOS SECTORIAIS.....	28
3.2.2.1.- Criterios en orde a lograr o acabado e mellora do modelo e medio urbano existentes.....	29
3.2.2.2.- Criterios específicos nos núcleos rurais.....	29
3.2.2.3.- Criterios específicos nas áreas para novos asentamentos.....	30
3.2.2.4.- Criterios específicos para o solo rústico.....	30
3.2.2.5.- Obxectivos e criterios socioeconómicos.....	31
3.2.2.6.- Obxectivos e criterios en orden a resolver problemas estruturais.....	31
3.2.2.7.- Consecución do sistema xeral de espazos libres.....	31

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente por Orde da Conselleira
de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio

de data 09 XAN. 2018



A xefa do servizo de Planificación
Urbanística

Lucía Linares Yáñez

DILIXENCIA.- Para facer constar que o presente documento forma parte do PXOM de Frades, aprobado provisionalmente por este Concello en Sesión Plenaria celebrada o día 12 de setembro de 2017.
Frades, 18 de setembro de 2017.
A Secretaría do Concello de Frades.

Asdo.: Carmen Gómez Otero



3.2.2.8.- O tratamento dos equipamentos que constitúen o sistema xeral.....	31	3.3.1.4. Xustificación da consolidación edificatoria en función da instrución 4/2011.....	43
3.2.2.8.1.- Equipamento docente	31	3.3.1.5. Distribución das necesidades de crecemento parroquial e xustificación da extensión das delimitacións do núcleo común	45
3.2.2.8.2.- Equipamento sanitario.....	32	3.3.1.6. Ordenación e cuantificación das capacidades do solo urbanizable delimitado.....	46
3.2.2.8.3.- Equipamento asistencial	32	3.3.1.8. Dimensionamento da capacidade residencial en función das expectativas de crecemento.....	51
3.2.2.8.4.- Equipamento sociocultural	32	3.3.1.7.- Ordenación do solo rústico.....	52
3.2.2.8.5.- Equipamento deportivo	32	3.3.1.7.1. Solo Rústico de Protección Agropecuaria	52
3.2.2.8.6.- Equipamento relixioso	32	3.3.1.7.2. Solo Rústico de Protección Forestal.....	52
3.2.2.8.7.- Cemiterios	32	3.3.1.7.3. Solo Rústico de Protección de Augas	53
3.2.2.9.- Obxectivos, criterios e actuacións dirixidos a resolver os problemas existentes nos servizos urbanos básicos e no medio ambiente	32	3.3.1.7.4. Solo Rústico de Protección de Infraestruturas	53
3.2.2.10.- Accións tendentes á actualización da normativa urbanística	32	3.3.1.7.5. Solo Rústico de Protección de Espazos Naturais	54
3.2.2.10.1.- Marco legal	32	3.3.1.7.6. Solo Rústico de Protección de Patrimonio	54
3.2.2.10.2.- Sistema normativo.....	33	3.3.1.7.7. Solo Rústico de Protección Ordinaria.....	54
3.2.3.- MODELO DE XESTIÓN URBANÍSTICA PROPOSTO.....	33	3.3.2. CUANTIFICACIÓN E DEFINICIÓN DE SISTEMAS XERAIS.....	54
3.2.3.1.- Xestión do solo urbano	34	3.3.2.1. Sistema xeral viario	54
3.2.3.2.- Xestión do solo de núcleo rural.....	34	3.3.2.2. Sistema de infraestruturas de servizos urbanísticos.....	54
3.2.3.3.- Xestión do solo urbanizable	34	3.3.2.3. Sistema xeral de zonas verdes e espazos libres	55
3.2.3.4.- Xestión do solo rústico	35	3.3.2.4. Equipamentos e dotacións	56
3.2.4.- CRITERIOS E ESTRATEXIAS DE XESTIÓN DO PLANEAMENTO.....	35	3.3.2.5. Características e deseño das novas dotacións e infraestruturas.....	58
3.2.4.1.- Criterios de xestión en solo urbano consolidado	35	3.4. RELACIÓN DO PXOM CON OUTRAS NORMATIVAS SECTORIAIS..	60
3.2.4.2.- Criterios de xestión en solo urbano non consolidado e solo urbanizable delimitado	35	3.4.1. RELACIÓN DO PXOM COAS DOT	60
3.2.4.2.1.- A delimitación de Áreas de reparto como técnica de equidistribución de cargas e beneficios.....	35	3.4.2. RELACIÓN DO PXOM COA NORMATIVA DE ACCESIBILIDADE	61
3.2.4.3.- Criterios para o cálculo do aproveitamento tipo	36	3.4.3. RELACIÓN DO PXOM COA NORMATIVA SOBRE HABITABILIDADE	61
3.2.4.4.- Criterios para a delimitación de polígonos.....	36	4.- ESTRATEXIA DE ACTUACIÓN E ESTUDIO ECONÓMICO.....	62
3.3.- DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DOS PARÁMETROS URBANÍSTICOS DA ORDENACIÓN PROPOSTA	36	4.1.- ESTRATEXIA DE ACTUACIÓN	62
3.3.1.- CUANTIFICACIÓN DA CLASIFICACIÓN DO SOLO E AS CAPACIDADES DO PLANEAMENTO.....	36	4.2.- ESTUDIO ECONÓMICO.....	63
3.3.1.1.- Ordenación e cuantificación das capacidades do solo urbano consolidado	37		
3.3.1.3. Ordenación e cuantificación das capacidades do solo de núcleo rural.....	38		

DILIXENCIA.- Para facer constar que o presente documento forma parte do PXOM de Frades, aprobado provisionalmente por este Concello en Sesión Plenaria celebrada o día 12 de setembro de 2017.
Frades, 18 de setembro de 2017.
A Secretaría do Concello de Frades.

Asda.: Carmen Gómez Otero.



CAPÍTULO 1. INTRODUCCIÓN

1.1.- CONTIDO DO DOCUMENTO

O presente documento artículase atendendo ó referido no art. 61 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e as súas posteriores modificacións (LOUPMRG), na que se determina que un Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) desenvolverá os seguintes documentos:

- Memoria Xustificativa dos seus fins e obxectivos, así como as súas determinacións.
- Planos de información.
- Estudio do medio rural.
- Análise do modelo de asentamento territorial.
- Catálogo de elementos que hai que protexer ou recuperar.
- Informe de sostibilidade ambiental (ISA).
- Normas urbanísticas.
- Planos de ordenación urbanística do territorio.
- Aqueloutros que se consideren necesarios para reflectir axeitadamente as súas determinacións.



a) Memoria xustificativa: como compoñente do texto de redacción do Plan, o contido deste documento de memoria adáptase ó referido no art. 38 do Regulamento de Planeamento (RP), establecendo as conclusións da información urbanística, analizando as distintas alternativas posibles e xustificando o modelo elixido, as determinacións de carácter xeral e as correspondentes ós distintos tipos e categorías de solo, se ben o referido ás características que define como "naturais" do territorio se contemplan máis especificamente no documento de Estudio do Medio Rural.

A efectos da súa organización interna, o documento de Memoria estrutúrase en 4 capítulos, un preludio, os dous centrais nos que se atenden os contidos referidos no RP, e finalmente un capítulo no que se establece a estratexia de actuación global do Plan, e o estudio económico que a sustenta:

Capítulo 1. Introducción.

Capítulo 2. Memoria informativa.

Capítulo 3. Memoria de Ordenación.

Capítulo 4. Estratexia de actuación e estudio económico.

b) Planos de información urbanística: recóllense aquí os planos referentes á topografía, rede hidrográfica, solos, cultivos, distribución da poboación e outros que aporten documentación adicional ós apartados anteriormente expostos. Un apartado importante desta documentación será a correcta e actualizada cartografía, complementada co traballo de campo necesario así como uns exhaustivos planos de servizos urbanísticos, os cales servirán de base para as clasificacións das distintas entidades de poboación.

c) Estudio do Medio Rural e d) análise do modelo de asentamento territorial. Segundo a LOUPMRG o estudio do medio rural debe servir de base para establecer as medidas tendentes á conservación e mellora das súas potencialidades intrínsecas e, en particular, para a protección dos seus valores ecolóxicos, ambientais, paisaxísticos, históricos, etnográficos, culturais ou con potencialidade produtiva. A análise do modelo de asentamento territorial terá por obxecto determinar as medidas que se vaian adoptar para a preservación do medio rural, definindo os elementos que o constitúan e a súa inserción no marco comarcal destacando a división parroquial, o sistema de núcleos de poboación e a súa relación co medio natural e produtivo. A súa elaboración foi concretada despois dun minucioso traballo de campo con identificación, sobre a cartografía dispoñible, de tódalas vivendas, alpendres, hórreos e demais construcións auxiliares, así como a tipoloxía destas de cara á delimitación precisa dos núcleos rurais.

e) Catálogo de Protección. Recóllense aquí os distintos elementos catalogados do termo municipal, tanto arquitectónicos como arqueolóxicos cos seus graos de protección e as súas cautelas.

f) Informe de Sostibilidade Ambiental (ISA). Terá por obxecto a análise e a ponderación dos efectos da execución e desenvolvemento das determinacións do Plan Xeral sobre os recursos naturais e o medio físico, a adopción de medidas correctoras necesarias para minimizar os seus impactos, e a valoración da adecuación das infraestruturas e servizos necesarios para garantir os novos desenvolvementos en condicións de calidade e sostibilidade ambiental, así como a súa coherencia cos obxectivos de protección do dominio público natural.

g) Normas Urbanísticas. Subdividíronse en dúas partes:

- Normas Urbanísticas. Textos Escritos.
- Normas Urbanísticas. Fichas de xestión do solo urbano non consolidado e do solo urbanizable.

h) Planos de Ordenación Urbanística. Divídense en dous tipos de planos:

DILIXENCIA.- Para facer constar que o presente documento forma parte do PXOM de Frades, aprobado provisionalmente por este Concello en Sesión Plenaria celebrada o día 12 de setembro de 2017.
Frades, 18 de setembro de 2017.
A Secretaría do Concello de Frades.
Asdo.: Carmen Gómez Otero.



- Planos de Clasificación, Estructura Xeral e Usos Globais do Termo Municipal. Realizado sobre base cartográfica a escala 1/5000.
- Planos de Ordenación e Xestión do Solo Urbano, tanto consolidado como non consolidado, e Urbanizable e Planos de Ordenación dos Núcleos Rurais. Realizado sobre base cartográfica a escala 1/2000.

Estes planos complementáanse con outros máis específicos coma o que representa a estrutura xeral e orgánica do territorio ou a división de sectores de solo urbanizable.

1.2.- ANTECEDENTES

O Concello de Frades non dispón na actualidade para a ordenación do solo do seu termo municipal con ningún instrumento de planeamento específico, rexéndose, polo tanto, polas Normas Subsidiarias e Complementarias da Provincia de A Coruña en aqueles aspectos que non contraveñan as disposicións da lexislación do solo de aplicación.

Imponse, polo tanto, a necesidade de elaborar un documento que regule o crecemento municipal, tanto no rural, con iniciativas cada vez máis florecentes neste terreo, como no solo urbano, cunha presión urbanística moderada, pero que precisa de maneira urxente unha recondución.

1.3.- CONCURSO E ADXUDICACIÓN

Acollidos á Orde que regula a concesión de axudas para a redacción de planeamento, convocada pola C.P.T.O.P.T. no ano 2007, o Excmo. Concello de Frades aprobou as Condicións Técnicas e Económico-administrativas para a contratación, mediante concurso, dos traballos da Redacción do Plan Xeral, séndolle adxudicada a elaboración deste á empresa ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO, S.A., e ó seu equipo de profesionais, dirixidos polo enxeñeiro de camiños D. Julio C. Rojo Martínez e o arquitecto D. Isidro López Yáñez.

1.4.- CONVENIENCIA E OPORTUNIDADE DO P.X.O.M. DE FRADES

Como se indicou anteriormente, o Concello de Frades non conta, a día de hoxe, con ningún documento de planeamento propio, polo que a conveniencia da redacción faise evidente.

A redacción do planeamento inscribese dentro do marco da importancia da lexislación, tanto estatal como autonómica, aparecida nos últimos anos, e que incide nos aspectos territoriais

da actividade económica e urbanística. Pola súa especial incidencia e importancia, é necesario citar as seguintes:

- Lei 8/1995, do 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia.
- Lei 10/1995, de Ordenación do Territorio de Galicia.
- Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia. (LOUPMRG).
- Lei 15/2004, do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.
- Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.
- Ley 8/2007, de 28 de mayo, de suelo.
- Lei 2/2010 de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Estas novas normativas, constitúen o marco regulador no que debe inscribirse toda a actividade urbanística e planificadora do territorio, e introduciron trocos importantes na maneira de entender a territorialización das actividades económicas e a súa ordenación integrada, con carácter urbanístico, nun Plan.

Por outra parte, o moderado desenvolvemento da actividade construtiva no termo municipal, a nivel de vivendas unifamiliares nos núcleos rurais e no núcleo de Ponte Carreira, limitado polo estipulado nas Normas Subsidiarias Provinciais e as normas de aplicación directa marcadas pola Lexislación do Solo, coas limitacións de xestión que estas levan de seu, creou diferenzas no ordenamento urbanístico municipal, que se acentúan coa aparición dunha serie de construcións que, se ben pódense incluír nun proxecto ordenador global, a día de hoxe, carecen de legalidade ou xurdiron á marxe de esta.

O previsible aumento de poboación debe ser contemplado de maneira rigorosa fomentando a estrutura nucleada do concello do xeito máis ordenado posible, creando bolsas de solo para desenvolver, nas cales os novos asentamentos se integren de xeito natural co tecido existente e se reduzan os déficits que a nivel de espazos libres e equipamento poida ter neste momento o concello.

Por último, o proceso en que se atopa inmerso o termo municipal de profunda modernización das súas explotacións agropecuarias, dentro do marco delimitado, primeiro polas Normas Subsidiarias Provinciais, e despois pola actual lexislación do solo, creou situacións de desequilibrio e de ilegalidade que deberían ser corrixidas. Isto acentúase coas crecentes axudas para a modernización das mencionadas explotacións e a tendencia e fomento das de

YUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente por Orde da Conselleira
de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio

de data 09 XAN. 2018

A xefa do servizo de Planificación
Urbanística,
Lucía Linares Yáñez

DILIXENCIA.- Para facer constar que o presente documento forma parte do P.X.O.M. de Frades, aprobado provisionalmente por este Concello en Sesión Plenaria celebrada o día 12 de setembro de 2017.
Frades, 18 de setembro de 2017.
A Secretaría do Concello de Frades.

Asdo.: Carmen Gómez Otero.



maior tamaño. A implantación en solo rústico de actividades vinculadas á primeira transformación, son outros aspectos de importancia que debería recoller o Plan Xeral na súa regulación.

1.5.- ÁMBITO DE INFLUENCIA

As características físicas dunha boa parte do termo municipal, con condicións medioambientais e climáticas particulares, derivadas da suave topografía do terreo, orientación, vexetación, etc., provocaron un importante crecemento de diversos núcleos rurais con tipoloxías edificatorias de vivenda unifamiliar, cunha ordenación que deberá ser contemplada do xeito máis minucioso posible, partindo da existencia de servizos, froito da forte inversión municipal realizada nesta materia.

Así, o novo Plan Xeral, que necesariamente deberase de centrar no ámbito do termo municipal, porá un énfase especial en prever unha mellora importante nas comunicacións das diversas entidades de poboación e en completar e mellorar a ordenación e as dotacións dos núcleos rurais e urbanos existentes.

1.6.- CALENDARIO

No ano 2008, o Excmo. Concello de Frades aprobou as Condicións Técnicas e Económico-administrativas para a contratación, mediante concurso, dos traballos de redacción do PXOM a ESTUDIO TÉCNICO GALEGO, S.A., e ó seu equipo de profesionais, dirixidos polo enxeñeiro de Camiños D. Julio C. Rojo Martínez e o Arquitecto D. Isidro López Yáñez.

A formalización do documento realízase a partir do coñecemento da realidade de feito do municipio e, para iso, elabórase a información urbanística, que non é máis que unha transcripción, representación e análise das distintas variables socioeconómicas, físicas e formais que presenta o municipio actualmente.

Así, inicialmente, realizouse unha nova base cartográfica a partir da cartografía analítica do concello, elaborada por este especificamente para o PXOM, introducindo, como grande novidade, a base catastral, para unha correcta adecuación da propiedade ás determinacións do planeamento, para que reflecta con exactitude a realidade do feito físico no termo municipal. O equipo redactor transcribiu á mesma tódalas infraestruturas, equipamentos e servizos existentes que, xunto cos planos de análise, configuran o corpo fundamental do documento de información urbanística.

Cos datos obtidos, redactouse o Documento de Inicio, da Avaliación Ambiental Estratéxica do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Frades, que foi presentado ó concello con data de maio de 2009. Neste documento recollíase a información urbanística e unha diagnose da situación actual, así como o estudo das alternativas que debía contemplar o PXOM para a ordenación municipal.

Este documento foi remitido á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, e exposto ó público entre os meses de xuño e xullo de 2009. A partir desta exposición, a Consellería remitiu ó Concello, o Documento de Referencia, con data de agosto de 2009.

A análise deste documento, xunto coas indicacións e suxestións do equipo técnico e dos xestores municipais, permiten poñer en evidencia a situación urbanística municipal, sinalando os conflitos principais e a diagnose ou catálogo dos problemas existentes, así como as posibles solucións e alternativas que se poden contemplar para facerlles fronte, no marco dunha concepción global da ordenación territorial do municipio, cunhas liñas xerais que poden e deben quedar xa definidas desde o Documento de Aprobación Inicial.

Para a elaboración deste documento iniciouse a realización dun concienciado traballo de campo. O resultado deste traballo de campo foron unha serie de datos que serviron de base para a actualización e mellora da cartografía, así como para a elaboración do Estudio de Medio Rural, e a análise do modelo de asentamento.

En canto ó catálogo de bens a protexer, independentemente dos espazos naturais, tratados na clasificación do solo, realizouse o traballo de campo encamiñado á súa identificación e a elaboración dunha ficha coa descrición do ben, do seu estado de conservación, así como das posibles obras a realizar e/ou as medidas tendentes á súa recuperación.

Paralelamente, foise realizando traballo de gabinete, coa recompilación e redacción do conxunto da información urbanística, con datos referentes ó medio físico, ó medio construído e ós factores demográficos e socioeconómicos fundamentais á hora de tomar decisións sobre as previsións de crecemento, necesidades e estratexia de cara ó futuro do concello.

Como parte da avaliación ambiental estratéxica, e co fin de fomentar os procesos de participación, foi convocada, por parte do concello, unha comisión de seguimento do P.X.O.M., integrada por tódolos grupos políticos municipais. Nesta mesa, por unha banda, foron considerados os criterios legais polos que se había de rexer o P.X.O.M. e, por outra banda, foron fixados os criterios xerais de ordenamento e desenvolvemento do concello.



DILIXENCIA.- Para facer constar que o presente documento forma parte do PXOM de Frades, aprobado provisionalmente por este Concello en Sesión Plenaria celebrada o día 12 de setembro de 2017.

Frades, 18 de setembro de 2017.

A Secretaría do Concello de Frades.

5

Assó.: Carmen Gómez Otero.

As principais ideas de futuro plasmadas no Documento de Aprobación Inicial poderíanse resumir na continuidade do trazado e clasificacións nos núcleos existentes, procurando ordenar os crecementos xurdidos tanto ó amparo da normativa como á marxe desta, sempre e cando se consideren conformes cos intereses municipais, o mantemento e reforzo do actual sistema de núcleos, tanto urbanos como rurais, a dotación de solo industrial, a conservación ambiental, paisaxística e patrimonial, e a dotación de elementos comunitarios buscando a integración dos diferentes grupos sociais, tanto urbanos como rurais do municipio.

Con data de novembro de 2009, remítese o Documento de Aprobación Inicial ó Concello para que, unha vez dado coñecemento del, remítase á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, co fin de recadar o preceptivo Informe Previo á Aprobación Inicial.

Este informe foi emitido con data de 15 de abril de 2010, seis días antes da entrada en vigor da Lei 2/2010.

Segundo o disposto na disposición transitoria primeira desta Lei, sobre plans en tramitación *Os plans en tramitación que non alcanzasen a aprobación inicial á data de entrada en vigor desta lei deberán adaptarse plenamente a ela.*

Dado o escaso prazo para a aprobación inicial, esta non se puido levar a cabo. En base a isto resultou preceptivo iniciar novamente o expediente remitindo un novo documento de inicio á Consellería de Medio Ambiente con data de novembro de 2010.

Esta Consellería con data de decembro de 2010 emite un novo documento de referencia a partir do cal, así como do informe emitido pola Secretaría Xeral de Urbanismo, procédese a redactar un novo documento para a súa remisión para informe previo.

O informe foi emitido en data de 12 de setembro de 2011, indicando unha serie de cuestións que deberían ser xustificadas, emendadas ou modificadas no PXOM en tramitación.

Unha vez recibido dito informe, introducíronse no documento de trámite as modificacións derivadas do informe, procedendo a súa remisión ó concello e a súa aprobación inicial e posterior exposición ó público.

O 3 de abril de 2012 o Pleno Municipal aprobou inicialmente o PXOM do Concello de Frades iniciando o período de exposición ó público segundo anuncio no Diario Oficial de Galicia nº 100 de 28 de maio de 2012.

Este período de exposición prolongouse ó longo de dous meses, do 29 de abril ó 30 de xullo, no cal foron presentadas 456 alegacións. A resolución destas alegacións recóllese pormenorizadamente no informe de alegacións que se anexa ó presente documento.

Asemade durante o período de exposición ó público tamén foron consultados todos os organismos afectados, ben realizando as consultas que se derivan do procedemento de Avaliación Ambiental Estratéxica ou ben solicitando os preceptivos informes sectoriais fixados pola lexislación vixente. Anexo a esta memoria recóllese un informe de cumprimentación dos informes sectoriais recibidos.

O órgano ambiental competente por resolución de 28 de xaneiro de 2016 formula a correspondente memoria ambiental correspondente ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica do Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Frades.

Coa incorporación das modificacións que se derivan da memoria ambiental redáctase un novo documento en xaneiro de 2016, que se remite ó concello para á aprobación provisional en Pleno.

Logo desta aprobación plenaria o 10 de febreiro de 2016, o documento e o expediente completo, debidamente dilixenciados, son remitidos ó órgano autonómico competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio para que resolva sobre a aprobación definitiva deste.

Logo do requirimento para emendar a documentación presentada, con data de 11 de xullo de 2017 emítese a Orde da Consellería competente na que se acorda non outorgar aprobación definitiva ó PXOM de Frades, motivada nunha serie de modificacións que deben ser introducidas no documento.

Unha vez introducidas as modificacións reclamadas, o novo documento é remitido en data de agosto de 2017 ó Concello para que, logo do seu trámite plenario, sexa novamente remitido ó órgano competente da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, para que proceda á súa aprobación definitiva.

1.7.- PLANTEXAMENTO XENÉRICO

O desenvolvemento da actividade construtiva no termo municipal, reducido tanto pola inexistencia dunha figura de planeamento propia, como polas normas de aplicación directa marcadas pola Lexislación do Solo, coas limitacións de xestión que estas conlevan, creou

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente por Orde da Conselleira
de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio

de data **09 XAN. 2018**



A xefa do servizo de Planificación
Urbanística

Galicia nº 100 de 28 de maio de 2012.
A.- Para facer constar que o presente documento forma parte do PXOM de Frades, aprobado provisionalmente por este Concello en Sesión Plenaria celebrada o día 12 de setembro de 2017.
Frades, 18 de setembro de 2017.
A Secretaria do Concello de Frades.

Asdo.: Carmen Gómez Otero



diferenzas na ordenación urbanística municipal, que se acentúan coa aparición dunha serie de construcións (residenciais e industriais) que, se ben pódense incluír nun proxecto ordenador global, a día de hoxe, carecen de legalidade ou xurdiron á marxe desta.

Ademais disto, pretendese dotar ó concello de zonas que poidan absorber os posibles crecementos nun marco ordenado, tanto física como legalmente, procurando ubicar bolsas de solo que poidan servir para estes fins. A importancia, a nivel socioeconómico, das empresas localizadas no concello, destacando as diversas empresas do sector téxtil situadas no núcleo de Ponte Carreira, e as empresas dedicadas ás subministracións para as explotacións agrarias, fan necesaria a creación de solo industrial no que se podan incluír as súas respectivas instalacións, e a posibilidade de ampliación e inserción de novas empresas relacionadas co sector, establecendo a súa ordenación e integración no territorio. Asociada a esta labor industrial, atopamos no concello actividades de extracción de áridos, localizadas no lugar de O Cruceiro, entre as parroquias de Frades e Gafoi, que deberán ser tratadas axeitadamente no PXOM de cara á súa correcta clasificación e futura recuperación medioambiental.

A crecente importancia das vías de comunicación que aumentan en grande medida as expectativas de crecemento da zona, así como a obtención do solo necesario para completar os servizos públicos e Sistemas Xerais do termo municipal, fan necesaria a redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal para adecuar o planeamento ás novas formas de concibir a ordenación do territorio municipal e comarcal, así como para permitir a introdución dos mecanismos, instrumentos e técnicas que a moderna lexislación permite, á fin de facer unha normativa máis flexible nas súas determinacións, máis áxil en canto á súa posibilidade de xestión e execución, e máis equilibrada en canto á ocupación do territorio. Á vez, introdúcense as técnicas previstas na lexislación para reparto de beneficios e cargas derivadas do planeamento, de tal forma que posibiliten ó Concello manter o seu proceso de desenvolvemento resolvendo a xeración de zonas libres, sistemas xerais e reservas de solo para os equipamentos necesarios que debe acompañar a este proceso, de tal forma que fagan da residencia en Frades algo acorde cos tempos actuais, onde a demanda deste tipo de espazos e equipamentos considérase prioritaria á hora de fixar a poboación existente.

Por todo isto, o novo Plan Xeral ten que procurar que as previsións do solo que se vai incorporar no proceso urbanizador, estean suficientemente dimensionadas respecto, non tanto ó crecemento demográfico, como ás potencialidades que a súa posición estratéxica outórgalle.

Deberá ser prioritario, no planeamento de Frades, o sistema xeral de comunicacións, e o mantemento da tendencia de dotar de servizos urbanísticos ó núcleo urbano, continuando e posibilitando a materialización de actuacións xa emprendidas nesta materia polo Concello.

En canto ó medio rural, deberase establecer, por un lado, o marco que posibilite o mantemento e mellora do medio físico natural no que se localiza, e por outro lado, potenciar un desenvolvemento cualitativo do mesmo, que debe primar sobre o cuantitativo. Así, débense tratar con especial sensibilidade tódalas áreas que presenten un notorio interese medioambiental ou bioecolóxico, xunto co tratamento que debe dárselle ós núcleos rurais, conforme á LOUPMRG.

Así, preténdese que o novo Plan de Ordenación resulte flexible e áxil, permitindo a súa adaptación ás circunstancias mudantes e, ás veces imprevisibles, da sociedade, e sente as bases urbanísticas do Frades do século XXI.

1.8.- A FIGURA DA APROBACIÓN INICIAL

Establece o artigo 85 da LOUPMRG, que unha vez concluída a elaboración do planeamento, inmediatamente antes da Aprobación Inicial, o expediente completo será remitido para o seu informe ó Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, quen deberá emitilo no prazo máximo de tres meses.

O Documento de Aprobación Inicial, como documento de planeamento que é, conterá as determinacións necesarias para a ordenación integral do termo municipal, que se plasma na documentación reseñada no punto 1.1 desta memoria.

DILIXENCIA.- Para facer constar que o presente documento forma parte do PXOM de Frades, aprobado provisionalmente por este Concello en Sesión Plenaria celebrada o día 12 de setembro de 2017.
Frades, 18 de setembro de 2017.
A Secretaría do Concello de Frades.

Asda: Carmen Gómez Otero.



CAPÍTULO 2.- MEMORIA INFORMATIVA

2.1.- O MEDIO FÍSICO

O termo municipal de Frades atopa a súa localización xeográfica na latitude 43º 02' Norte e lonxitude 8º 14' Oeste, situándose na zona centro da provincia de A Coruña, lindando ó norte con Mesía, ó leste con Mesía e Boimorto, ó sur con Oroso e O Pino, e ó oeste con Ordes e Oroso.

Frades ten unha altitude media de 400 metros sobre o nivel do mar, o relevo das terras de Frades caracterízase por unha suave ondulación de altozanos, sen grandes contrastes, cunha lixeira inclinación cara o sudoeste. O río Tambre, no seu curso alto, sérvelle de límite meridional, así coma o seu afluente, o Samo, fai de fronteira con Ordes.

As altitudes oscilan entre os 420 metros no norte, no límite con Mesía, e os 280 metros no curso do Tambre, que discorre polo sur. Esta suavidade topográfica da paisaxe débese á natureza do rochedo: os xistos metamórficos precámbricos coñecidos como "xistos de Ordes" que, pola súa textura fina, son facilmente atacables pola alteración química e dan lugar a un modelado de pendentes suaves e amplos vales. Só algún afloramento de seixo, como o monte Pedrouzo, na parroquia de Abellá, dá lugar a formas máis abruptas.

A rede hidrográfica, que discorre por este ondulado territorio, está organizada en torno ó río Tambre, que entra no concello polo leste e establece o límite natural cos concellos de Boimorto, Arzúa e O Pino. Con dirección case perpendicular ó río principal, surcan varios dos afluentes da súa marxe dereita: os ríos Maruzo e Samo son os máis importantes, ós que hai que engadir, debido á abundancia de precipitacións, numerosos regatos de certa entidade, coma o Gaiteiro e o Mostás, que desaugan no río Maruzo, e os de Pío e O Porto, que o fan directamente ó río Tambre.

O clima caracterízase pola abundancia de precipitacións e a suavidade das temperaturas. A media anual é de 12°C, a mínima prodúcese en xaneiro (7°C), e a máxima en agosto (17°C). As características termoplumiométricas e a abundancia de pequenos regatos, que percorren o termo, favorecen o predominio das terras destinadas a cultivos herbáceos (as terras labradas e as dedicadas a pastos permanentes acadan o 56% fronte a unha menor porcentaxe de espazos forestais (25%), nos que predomina o eucalipto, e a matogueira (18%), unha bela paisaxe de praderías moi verdes, extensas e onduladas.

O concello de Frades ten unha extensión de 81,5 km², o que dista dabondo da media de Galicia, que se sitúa en torno ós 94km², e unha poboación de 2.732 habitantes, segundo o censo de 2008, agrupados en 12 parroquias, con 148 entidades de poboación en total. A densidade de poboación que se obtén é de 33,44hab/km². O elevado número de entidades, unido á baixa densidade de poboación, dan como resultado unha paisaxe rural constituída por pequenas aldeas repartidas homoxeneamente sobre o territorio, no que non existe un núcleo urbano reitor, sendo a aglomeración urbana máis importante o núcleo de Ponte Carreira.

As entidades de poboación do termo municipal, 148 en total, distribúense ó longo de 12 parroquias: Abellá (Santo Estevo), Aiazó (San Pedro), Añá (Santa María), Céltigos (San Xulián), Frades (San Martiño), Gafoi (Santa Mariña), Galegos (San Martiño), Ledoira (San Martiño), Mesos (Salvador), Moar (Santaia), Papucín (Santa María) e Vitre (San Xoán).

A capital municipal é San Amaro, na parroquia de Frades, inda que a Casa Consistorial localízase no núcleo de Cimadevila, da mesma parroquia, a carón dunha fermosa carballeira. San Amaro dista 38km de Santiago pola estrada N-634, que pasa por Ponte Carreira.

A grande maioría do territorio do municipio de Frades atópase dedicado a plantacións forestais onde se distinguen preferentemente as especies de pino, eucalipto, aliso e carballo, así como asociacións de coníferas e outras frondosas, e podéndose diferenzar dous tipos: arborado e desarborado. A minoría restante do territorio dedicase ós cultivos. A terra de cultivo destínase na súa maior parte a pastizais e prados, que ocupan grandes extensións, localizadas nas parroquias de Abellá, Papucín, Vitre, Céltigos, Añá, Frades e Moar; o resto produce millo para forraxe e unha moi pequena parte está dedicada á horta.

Todos estes valores son os que condicionaron a súa clasificación, sendo máis acertada a súa inclusión dentro da protección paisaxística que dentro da protección de espazo natural.

Por último cabería destacar neste apartado as ribeiras de varios ríos, que no seu discorrer forman en ocasións profundos vales onde existe vexetación típica de ribeira e abondo tupida. Dentro deste apartado poderíamos definir unha pequena parte do territorio municipal de Frades, concretamente o seu extremo sur, 7,5km do curso do río Tambre, integrado nunha das zonas incluídas na Rede Natura, segundo a Orde de 9 de xuño de 2003 (DOG. Nº 115), chamada ZEPVN-ZEC río Tambre, de código ES1110016, dunha extensión total de 151,70ha.

Os asentamentos de poboación repártense dunha forma uniforme, cadrando principalmente coas zonas máis chas do concello, sendo as máis despoboadas aquelas máis accidentadas.

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente por Orde da Conselleira
de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio

de data 09 XAN. 2018



A xefa do servizo de Planificación
Urbanística III

Lucía Lunares Yáñez

EXHAUSTIVA.- Para facer constar que o presente documento forma parte do PXOM de Frades, aprobado provisionalmente por este Concello en Sesión Plenaria celebrada o día 12 de setembro de 2017.
Frades, 18 de setembro de 2017.
A Secretaría do Concello de Frades.

Asco.: Carmen Gómez Otero.



A tipoloxía dos asentamentos predominante no municipio é a aldea pechada, con casarío espallado, en moitos casos formando varios grupos de edificacións abondo distanciados entre si. A distribución das edificacións sitúase xeralmente entre os límites dos terreos de cultivo e o monte.

A maioría dos lugares conta con agrupacións moi pequenas, de entre 10 e 25 edificacións, de carácter netamente rural, na súa maioría de tipoloxía illada e, en raras ocasións, unidas en medianeiras en torno a un camiño.

2.2.- PROBLEMAS DERIVADOS DO MEDIO FÍSICO

O principal problema neste senso deriva da grande dispersión que presenta a poboación galega en xeral, e a de Frades en particular, agrupándose en núcleos de tamaño variable, desde o conxunto de núcleos sen solución de continuidade ó longo das estradas, ata os pequenos núcleos de tipoloxía pechada, espaxados por todo o municipio, pasando polos conxuntos de dúas ou tres edificacións tradicionais, recoñecidos nos censos como entidade propia. A excesiva colonización do territorio trae como consecuencia a práctica inexistencia de áreas con valor natural, que non contan á súa vez con presenza edificatoria máis ou menos importante nas mesmas, pero que foron transformadas pola actividade do home, ben para as destinar a cultivos ou ben para as destinar a explotación forestal.

Esta situación provoca que na interrelación núcleos rurais-medio físico prodúzanse afeccións sobre este último, normalmente de carácter leve, salvo en casos puntuais. Este feito pode apreciarse na necesidade de abastecemento de auga con cargo ós presupostos municipais ou a costa de mananciais de ladeira, pozos, exploracións e sondaxes de grande profundidade.

Así mesmo, este aspecto favorece o problema dos vertidos incontrolados e a contaminación ambiental, que a medio prazo, e dentro das directrices marcadas pola Unión Europea, obrigará a adoptar medidas correctoras xenéricas, coa introdución e deseño dun sistema de depuración e vertido para a xeneralidade do termo municipal, a partir do existente, que será preciso completar e redimensionar nalgúns puntos. Será necesario establecer medidas correctoras naqueles puntos que puidesen supor unha afección grave ó medio físico.

A este problema, relacionado co modelo de asentamento poboacional existente, engádesse o xerado pola aparición de novas edificacións espalladas, en lugares ben comunicados, e vinculadas á boa accesibilidade que estes presentan, acrecentando o problema planteado anteriormente e, en moitos casos agravándoo, pois a nivel de medio natural non sempre se trata das mellores localizacións. Deberá ser prioritario desde a redacción do presente

planeamento, o control deses novos asentamentos, ben desde a óptica da súa posible inserción no armazón de núcleos existentes ou ben contemplando as medidas de edificacións fora de ordenación, de maneira que se impida calquera expansión destes, de cara á súa paulatina desaparición.

Outra das conclusións que se poden extraer dos apartados precedentes é a riqueza arquitectónica que se atopa nas edificacións rurais deste municipio, que haberá que potenciar articulando as medidas necesarias que fomenten a rehabilitación das construcións existentes, e a correcta integración das novas na estrutura edificada existente.

Polo que respecta á estrutura da propiedade, o principal problema detectado é a excesiva fragmentación de moitas das propiedades, inviables para os aproveitamentos requiridos polas modernas explotacións agropecuarias. Será prioritario continuar co proceso iniciado, tanto espontaneamente como mediante procesos de concentración parcelaria, de cara a mellorar as potencialidades económicas do concello e, en todo caso, impedir a invasión indiscriminada do ámbito agrícola con novas edificacións, e os problemas que iso carrega.

En canto ó aspecto xeotécnico, as características do mesmo no ámbito do municipio de Frades, fará tomar precaucións nas condicións construtivas dos edificios, naqueles terreos que podan presentar problemáticas dos seguintes tipos:

- Litolóxicas: existen áreas que presentan formacións cun grao de alteración superficial importante. Iso implica que a capacidade portante destas zonas sexa inferior á pedra sá, sendo preciso, ó acometer unha obra, determinar a potencia da zona alterada, así como a súa capacidade de carga, para estimar se a resistencia do terreo é suficiente para soportar as estruturas que sobre este se sitúan.
- Xeomecánicas e xeomorfolóxicas: refírese a terreos con capacidade de carga moi baixa que fan necesarias cimentacións máis profundas, apoiadas en estratos resistentes, a terreos con fortes pendentes topográficas e de accesibilidade difícil.
- Hidrolóxicas: refírese a áreas con drenaxe deficiente, que poden producir empozamentos en períodos de choivas, e a áreas con posible agresividade por infiltración, o que fai necesario o emprego de cimentos especiais.

Debe prestarse especial atención á rede de acuíferos existente no municipio, protexendo o seu percorrido de actuacións que puidesen agredir ó entorno.

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente por Orde da Conselleira
de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio

de data 09 XAN. 2018

A xefa do servizo de Planificación
Urbanística III
Lucía Linares Yáñez

DILIXENCIA - Para facer constar que o
presente documento forma parte do PXOM
de Frades, aprobado provisionalmente por
este Concello en Sesión Plenaria celebrada
o día 12 de setembro de 2017.
Frades, 18 de setembro de 2017.
A Secretaria do Concello de Frades.

Asda.: Carmen Gómez Otero.



Por outra parte, a vexetación, que no pasado constituíu masas forestais de especies autóctonas, sufriu unha regresión ó longo da historia, por diversas causas, sendo as actuais a expansión de especies arbóreas de crecemento rápido e a ruptura co sistema tradicional da agricultura, dependendo do bosque como subministro de toxo.

Independentemente da degradación dos valores autóctonos, extraído dos apartados precedentes da información urbanística, habería que ter en conta a existencia no concello dun lugar de alto valor paisaxístico, do solo para a adecuada protección do espazo recoñecido na Rede Natura 2000 como "Sistema Fluvial río Tambre". O resto dos ríos do concello tamén deberán ser adecuadamente protexidos en función da súa importancia.

En resumo, o medio natural esixe prestar adecuada atención a súa posta en valor, tanto como medio de conservación, como de equilibrio das condicións de vida da poboación.

2.3.- A DEMOGRAFÍA

O estudo da poboación ten un interese decisivo en calquera traballo de planeamento físico, o coñecemento de cuestións tales como a dimensión do "stock" de poboación e a súa evolución histórica, o movemento natural ou os movementos migratorios, a estrutura de idades e sexos ou a distribución da poboación sobre o territorio é de primordial interese á hora de establecer a ordenación física do territorio.

Por outra parte, a realización dunhas predicións da futura poboación municipal, no ámbito no que se enmarca o concello, pode resultar ficticia, pois a evolución desta depende en grande medida do comportamento de concellos limítrofes, sobre todo Ordes, pola súa condición de cabeza da comarca na que se inscribe Frades.

Este estudo aborda a realidade demográfica desde varios aspectos, desde o máis xeral a nivel comarcal, ata o máis particular, analizando a evolución da poboación de cada un dos núcleos do termo municipal.

Para unha primeira aproximación xeral optouse por considerar, a efectos demográficos, o territorio correspondente á comarca de Ordes. Incluímos así dentro deste estudo ós concellos de Cerceda, Frades, Mesía, Ordes, Oroso, Tordoia e Trazo.

2.3.1.- A POBOACIÓN COMARCAL

2.3.1.1.- O estado da poboación



DILIXENCIA.- Para facer constar que o presente documento forma parte do PXOM de Frades, aprobado provisionalmente por este Concello en Sesión Plenaria celebrada o día 12 de setembro de 2017. Frades, 18 de setembro de 2017. A Secretaría do Concello de Frades.

1900-1920

Asdo. Carmen Gómez Otero.

A poboación de feito da comarca de Ordes, entendendo por esta a agregación dos termos municipais enriba citados, representa no ano 2008 o 1,38% da poboación galega e o 3,38% da poboación da provincia de A Coruña.

O peso relativo desta área en Galicia mantense suficientemente estable ata 2008. Non ocorre o mesmo en relación coa poboación provincial ata esa data, xa que a participación da bisbarra dentro desta ven diminuindo desde 1900, ano no que supuña o 4,61% (1,52% con respecto á provincia de A Coruña). Esta perda de peso relativo, moderada en todo caso, debe de ser valorada atendendo ó carácter eminente rural dela, no senso de que non indica forzosamente unha situación de especial regresividade demográfica en relación con outras bisbarras rurais galegas, e mesmo da provincia de A Coruña.

DENSIDADES DE POBOACIÓN (2008)			
CONCELLO	POBOACIÓN DE FEITO	SUPERFICIE (km ²)	DENSIDADE (Hab./km ²)
Cerceda	5.597	110,90	50,47
Frades	2.732	81,70	33,44
Mesía	3.033	106,80	28,40
Ordes	12.534	157,30	79,68
Oroso	6.804	72,10	94,37
Tordoia	4.399	124,50	35,33
Trazo	3.509	101,40	34,61
Comarca	38.608	754,70	356,30
Prov. A Coruña	1.139.121	7.903	144,13
Galicia	2.784.169	29.154	95,49

2.3.1.2.- Evolución da poboación.

De acordo cos datos do último censo, a poboación de feito da comarca no ano 2008 era de 38.608 habitantes. En 1900 dita poboación era de 30.167 habitantes, o que supón que nos cento sete anos que separan estas dúas datas a bisbarra gañou 8.441 habitantes. Durante eses anos a poboación comarcal medrou á baixa na taxa anual acumulativa (0,50%), moi próxima á provincial (0,63%), e mesmo superior á galega, que se sitúa no 0,41%.

A evolución da poboación comarcal pasou polas seguintes etapas desde principios de século:

É unha etapa de estancamento demográfico. As cifras de poboación mantéñense estables, o que indica que a migración prodúcese nunha cifra próxima á do crecemento vexetativo. É dicir, emigra, en termos netos, un mínimo de persoas igual á diferenza entre nacementos e defuncións producidos na bisbarra durante eses vinte anos.

Esta etapa cadra cunha situación de fortes movementos de emigración en Galicia, que se dirixen fundamentalmente a Arxentina, Uruguai, Brasil, Cuba, etc. países que se ven faltos de forza de traballo para explotar uns recursos naturais, imprescindibles para sustentar o forte pulo económico que se estaba a producir daquela en Europa (antes da Primeira Guerra Mundial). Da magnitude do éxodo nesta etapa da idea o feito de que o número total de emigrantes supuxo o 15,3% da poboación coa que contaba Galicia en 1900.


1920-1930

Esta etapa caracterízase por un certo estancamento do “stock” demográfico comarcal, se ben non chegaría sequera para cubrir o crecemento vexetativo desta década, polo que, de acordo coas nosas estimacións seguiríase producindo emigración, aínda que a un nivel moi por debaixo do da etapa anterior.

1930-1940

Na década dos anos 30 déixanse sentir en Galicia as consecuencias da grande crise económica de 1929 que sufriu todo o mundo occidental, provocando unha forte recesión na demanda de forza de traballo no mercado internacional, fundamentalmente en América, destino da inmensa maioría da emigración galega. Como consecuencia, desapareceu a emigración galega e mesmo produciuse un retorno neto dunhas 65.000 persoas. Esta situación atopa o seu reflexo na comarca de Ordes. A poboación comarcal experimenta un crecemento de 6.406 persoas durante esta década, a maior de todo o que vai de século. De todos modos, hai que aclarar que estas taxas de crecemento correspóndense co crecemento vexetativo, dado que a inmigración, ou mellor dito, o retorno que se produciría foi nulo no ámbito comarcal. Ademais, esta situación non se estende a tódolos concellos. Así, mentres para en Ordes ou Mesía detéctase unha taxa migratoria de signo claramente positivo, nos concellos de Oroso e Frades séguese producindo emigración en taxas aínda considerables, por máis que sexan sensiblemente inferiores ás da década anterior. Os restantes concellos contarían pola súa parte, con taxas migratorias equilibradas.

1940-1970



Neste período Galicia asiste a un proceso de regresión demográfica dunha dimensión sen precedentes na súa historia recente. Por vez primeira, Galicia perde poboación en termos absolutos. Durante os decenios de 1950 e 1960, un volume de poboación superior a todo o crecemento vexetativo experimentado durante estes anos abandona o país. En total, o número de emigrantes no período 1940-1970 achégase ós seiscentos mil para toda Galicia, o que significa que un de cada catro galegos optou pola emigración.

Durante a primeira década desta etapa a emigración galega diríxese fundamentalmente ó resto de España. Rematada a Segunda Guerra Mundial, asístese a un relanzamento da emigración transoceánica que prolóngase durante a década dos 50, e combínase coa dirixida a Europa e ó resto de España. A partir de 1960 e ata entrados os anos 70, a emigración orientase fundamentalmente a Europa. Como consecuencia da crise económica internacional de 1973, vese freada a emigración, chegando a desaparecer totalmente a mediados da década dos 70.

O panorama demográfico da nosa área correspóndese a grandes trazos coa situación descrita para toda Galicia, se ben resulta ser considerablemente menos regresiva tendo en conta o seu carácter rural.

Entre 1940 e 1970 a bisbarra perde por emigración un volume de poboación de dimensión aproximada ó crecemento vexetativo producido nestes 30 anos, de modo tal que o número de habitantes da bisbarra mantense estancado, con lixeiros aumentos. Así o evidencian as taxas de crecemento acumulativas da poboación comarcal, que se manteñen ó longo de todo o período en valores moi baixos.

O crecemento absoluto da poboación comarcal é de -1.414 persoas, o que supón unha taxa acumulativa de crecemento negativa ó longo de 30 anos.

1970-1981

Esta etapa comezaría en realidade en 1973, ano no que se inicia a crise económica mundial. A partir deste ano comeza a decaer a emigración galega ó estranxeiro e, posteriormente a dirixida a España, ata desaparecer totalmente nos últimos anos da década dos setenta. Os datos do último censo de poboación revelan que o saldo migratorio do período 1970-1980 é nulo para o conxunto de Galicia.

A situación da nosa área comarcal, aínda gardando un certo paralelismo coa galega, ten perfís propios derivados do seu carácter marcadamente rural. De entrada, o saldo migratorio segue sendo negativo, se ben o seu volume estimado, tanto en termos absolutos como




relativos, é o menor de todo o século, exceptuando a década dos 30. Isto é, prodúcese emigración, pero a niveis significativamente inferiores ós doutras épocas.

Desagregados estes datos no ámbito municipal póñense de manifesto importantes diferenzas. Así, mentres os municipios de Cerceda, Frades, Mesía, Oroso, Tordoia e Trazo, rexistran as taxas emigratorias máis altas do século, no de Ordes invértese a tendencia das anteriores décadas, converténdose en receptor de inmigración.

1981-2007

A capitalidade autonómica de Santiago, outorgada en 1982, supuxo unha revolución no que atinxe á poboación, xa que a creación dos organismos oficiais da autonomía supuxo un grande crecemento na súa poboación, e de igual modo nos concellos do seu entorno, en concreto Ordes e Oroso, co núcleo dormitorio de Sigüeiro. No caso de Ordes, a súa poboación aumentou en 1.269 persoas en vinte anos, e no caso de Oroso, aumentou en 2.942 persoas o número de habitantes que tiña no ano 1981. Pola contra, os concellos de Frades, Mesía e Cerceda reduciron a súa poboación lixeiramente na década dos 80, debido ó mesmo fenómeno da capitalidade, pero que tivo nestes concellos un efecto contrario de emigración á cidade de Santiago, efecto que se estancou a partires dos anos 90 e ata a actualidade, tempo no que o fenómeno da capitalidade chega tamén a estes concellos.



XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente por Orde da Conselleira
de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio

de data **09 XAN. 2018**



A xefa do servizo de Planificación
Urbanística III

Lucía Linares Yáñez

DILIXENCIA. Para facer constar que o presente documento forma parte do mellor de Frades, aprobado provisionalmente por este Concello en Sesión Plenaria celebrada o día 12 de setembro de 2017.

Frades, 18 de setembro de 2017.
A Secretaria do Concello de Frades.

Asdo.: Carmen Gómez Otero.

2.3.2.- A DEMOGRAFÍA MUNICIPAL

2.3.2.1.- O estado da poboación

Segundo as proxeccións de habitantes, a poboación de Frades mantivo un número máis ou menos constante desde 1900, data que tomaremos como referencia e que nos vai permitir crear unha comparativa na súa evolución.


ANO	HABITANTES	ÍNDICE
1900	3.328	100,0 %
1910	3.468	104,21 %
1920	3.712	111,54 %
1930	3.766	114,71 %
1940	4.206	126,38 %
1950	4.624	138,94 %
1960	4.601	138,25 %
1970	4.167	125,21 %
1981	3.649	109,64 %
1991	3.291	98,88 %
2001	3.055	91,80 %
2008	2.732	82,10%

O descenso de poboación producido desde mediados dos anos 60 debeuse fundamentalmente a un troco de residencia ós municipios de Ordes e de Santiago, que supuxo unha certa ruptura do contacto socioeconómico co lugar de orixe; por esta razón, a construción de vivendas, que descendeu nas últimas décadas do século anterior, está a rebaixar o nivel de descenso nestes últimos anos.

O saldo migratorio que experimentaba nos primeiros anos tiña valores positivos e permitía ser optimistas, pero é a partir de 1970 cando se produce o efecto contrario e o saldo de entradas e saídas é negativo, ata chegar á situación actual.

En canto ó parque de vivendas se refire, a influencia de Santiago non se deixou notar tanto como noutros municipios máis pretos (Teo, Ames....) pero é previsible que nos próximos anos a demanda de residencia aumente pola mellora dos accesos a Santiago, e contribuirá a mellorar indirectamente a accesibilidade desde o municipio de Frades a distintos lugares e servizos dentro da súa comarca.

A pirámide de poboación móstranos un maior número de habitantes entre 20 e 49 anos; e un 61% da poboación ten menos de 49 anos, o que nos ofrece un panorama dunha poboación non demasiado envellecida se ben é preocupante o descenso da natalidade dos últimos anos.



Pirámide de poboación de Frades
Datos IGE 2008

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente por Orde da Conselleira
de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio

de data 09 XAN. 2018

A xefa do servizo de Planificación
Urbanística II,
Lucía Linares Yáñez

2.3.2.2.- Evolución da poboación municipal

Na actualidade, e a nivel municipal, a demografía presenta unha tendencia o estancamento, con taxas de natalidade moi baixas (2,6‰) e de mortalidade elevadas (11,4‰), negativas en definitiva, e en continuo descenso dende hai anos, cunha pirámide de idades cunha base estreita –poucos efectivos novos- e un predominio das idades adultas e vellas, o que leva inexorablemente a un envellecemento da poboación. A idade media dos habitantes de Frades é de 47,8 anos (46,5 nos homes e 49,1 nas mulleres), o que pode considerarse elevado. Baste ver que o índice de envellecemento é de 211,4, o que significa que o remprazo xeracional non existe.

O municipio de Frades conta, segundo o censo de 2008 cunha poboación de feito de 2.732 habitantes (3.096 en 1998, o que implica un descenso de, aproximadamente, un 12% en dez anos). Das parroquias que compoñen o municipio, Santo Estevo de Abellá é a máis poboada, con 479 habitantes (17,5 %), case a quinta parte da poboación total. Séguenlle as parroquias de Santa Eulalia de Moar (329 habitantes) e Santa Mariña de Gafoi (306 habitantes) e por

último, O Salvador de Mesos que só ten 82 habitantes, o que representa o 3% do total do concello. O resto da poboación aséntase principalmente nos numerosos núcleos rurais que atopamos na xeografía de Frades.

PARROQUIA	NÚCLEOS	POBOACIÓN 2000	POBOACIÓN 2008	PORCENTAXE	ÍNDICE DE CRECIMENTO
ABELLÁ	Ansemonde	-	-	-	-
	Ar, O	18	16	88,89	R.
	Barreiro, O	5	5	100,00	E.
	Canedo, O	6	5	83,33	F. R.
	Carballal	9	9	100,00	E.
	Casalla	9	8	88,89	R.
	Castro, O	19	16	84,21	F. R.
	Chamuín	-	-	-	-
	Cheda, A	7	8	114,29	P.
	Corralvello	-	-	-	-
	Fondevila - Cabezo, O	39	26	66,67	F. R.
	Fontao, O	60	49	81,67	F. R.
	Fontemouro	26	26	100,00	E.
	Gándara, A	27	26	96,30	E.
	Lamela-Marís	-	-	-	-
	Pazo, O	-	-	-	-
	Penasco	39	40	102,56	E.
	Pibideira	11	9	81,82	F. R.
	Pomariño, O	24	22	91,67	R.
	Quintán	-	-	-	-
Sobre dos Campos	83	81	97,59	E.	
Taberna, A - Tumbadoiro	143	133	93,01	R.	
Tañoi	-	-	-	-	
Vedral	-	-	-	-	
Vila, A	-	-	-	-	
Casal, O	-0	-	-	-	

DILIXENCIA.- Para facer constar que o presente documento forma parte do PXOM de Frades, aprobado provisionalmente por este Concello en Sesión Plenaria celebrada o día 12 de setembro de 2017.
Frades, 18 de setembro de 2017.
A Secretaría do Concello de Frades.

Asco.: Carmen Gómez Otero.

	Devesa, A	25	26	104,00	E.		Fernandes, Os	-	-	-	-	
	Fonsá	56	55	98,21	E.		Piñeiro	-	-	-	-	
	Fontelo, O	94	97	103,91	E.		Reirís	-	-	-	-	
	Igrexa, A	-	-	-	-		San Martiño	56	49	87,50	R.	
	Liñares	-	-	-	-		San Amaro	83	73	87,95	R.	
	Mangoeiro	-	-	-	-		Vilar	-	-	-	-	
	Pedra, A	-	-	-	-		GAFOI	Alto, O	-	-	-	-
	Pereiros, Os	-	-	-	-			Carballeira, A	-	-	-	-
	Torre, A	-	-	-	-			Croa, A	-	-	-	-
AÑÁ	Añá de Meus	-	-	-	-			Currás	66	54	81,82	F. R.
	Bouzamonte	23	21	91,30	R.			Igrexa, A	-	-	-	-
	Carballeira, A	-	-	-	-			Lapelas, As	13	12	92,31	R.
	Carballiño	-	-	-	-			Ponte Carreira	216	197	91,20	R.
	Chedas	6	4	66,67	F. R.			Ponte Vella, A	-	-	-	-
	Gándara, A	-	-	-	-			Raselo, O	6	6	100,00	E.
	Igrexa, A	29	18	62,07	F. R.			Sibio	47	37	78,72	F. R.
	Lameiro, O	-	-	-	-			Vilar, O	-	-	-	-
	Pombo, O	-	-	-	-		GALEGOS	Barreiro, O	-	-	-	-
	San Paio	12	11	91,67	R.			Castro, O	-	-	-	-
	Sanamil	61	54	88,52	R.			Outeiro, O	35	28	80,00	F. R.
	Tarrentos	57	50	87,72	R.			Paxarón, O	-	-	-	-
CÉLTIGOS	Aboi	45	35	77,78	F. R.			Pazo - Ponte, A	78	70	89,74	R.
	Alemparte	37	31	83,78	F. R.			Reboredo	92	76	82,61	F. R.
	Alto de Aboi	-	-	-	-			Vista Alegre	81	68	83,95	F. R.
	Campoduro	61	54	88,52	R.		LEDOIRA	Cadabal, O	-	-	-	-
	Cova, A	-	-	-	-			Covelo, O	-	-	-	-
	Gándara	-	-	-	-			Figueira, A	-	-	-	-
	Igrexa, A	19	13	68,42	F. R.			Fonte Maior	-	-	-	-
	Ulló, O	-	-	-	-			Igrexa, A	69	63	91,30	R.
	Vilar, O	-	-	-	-			Pontenova, A - Costas, As	-	-	-	-
FRADES	Cimadevila	47	46	97,87				Quintáns, As	-	-	-	-

XUNTA DE GALICIA
 Aprobado definitivamente por Orde da Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio
 de data 09 XAN. 2018
 A xefa do servizo de Planificación Urbanística:
 Lucía Linares Yáñez

EDILIXENCIA.- Para facer constar que o presente documento forma parte do PXOM de Frades, aprobado provisionalmente por este Concello en Sesión Plenaria celebrada o día 12 de setembro de 2017.
 Frades, 18 de setembro de 2017.
 A Secretaria do Concello de Frades.
 Asdo.: Carmen Gómez Otero.



	Receá	16	18	112,50	P.						
	Ribadas	7	7	100,00	E.						
	Vilar, O	86	71	82,56	F. R.						
	Vilorín	-	-	-	-						
MESOS	Caboladrón	37	30	81,08	F. R.						
	Canedos, Os	34	28	82,35	F. R.						
	Carballal, O	-	-	-	-						
	Figueira, A	39	30	76,92	F. R.						
	Gándara, A	4	4	100,00	E.						
	Panica, A	-	-	-	-						
MOAR	Barazón, O	-	-	-	-						
	Campo, O	-	-	-	-						
	Canal	-	-	-	-						
	Castiñeiro Redondo, O	40	40	100,00	E.						
	Cimadevila	-	-	-	-						
	Cornes	-	-	-	-						
	Fonte Santaia, A - Corredoiras, As	102	83	81,37	F. R.						
	Fraga, A	-	-	-	-						
	Freixomil	-	-	-	-						
	Garabanxa, A	0	0	-	-						
	Igrexa, A	-	-	-	-						
	Moar	64	57	89,06	R.						
	Pedreira de Abaixo	75	66	88,00	R.						
	Pedreira de Riba	-	-	-	-						
	Pedreira do Medio	-	-	-	-						
	Queirís	45	36	80,00	F. R.						
	Seixo, O	-	-	-	-						
	Vilarello de Baixo	54	47	87,04	R.						
	Vilarello de Riba	-	-	-	-						
	Vista Alegre	-	-	-	-						
PAPUCÍN	Baiuca, A	5	5	100,00	E.						
	Carballal, O	34	30	88,24	R.						
	Casa Vella, A - Igrexa, A	28	26	92,86	R.						
	Consello	12	13	108,33	P.						
	Coto, O	-	-	-	-						
	Figueira, A	-	-	-	-						
	Foxo, O	-	-	-	-						
	Mostás	-	-	-	-						
	Outeiro, O	21	18	85,71	R.						
	Pumarino, O - Monte, O	-	-	-	-						
	Prado, O	30	30	100,00	E.						
	Quinta de Abaixo	60	52	86,67	R.						
	Quinta de Arriba	-	-	-	-						
	Tarrío	84	72	85,71	R.						
	Vimieiro	40	35	87,50	R.						
	Zochal, O	17	16	94,12	R.						
VITRE	Augas Santas	3	2	66,67	F. R.						
	Campo, O	-	-	-	-						
	Casal, O	40	34	85,00	F. R.						
	Currillos, Os	57	59	103,51	E.						
	Fraga, A	-	-	-	-						
	Igrexa, A	-	-	-	-						
	Loureiros, Os	25	22	88,00	R.						
	Pereiruga	17	16	94,12	R.						
	Piñeiro, O	-	-	-	-						
	Porta dos Caos	-	-	-	-						
	Reboredo	13	9	69,23	F. R.						
	Uceira, A	7	11	157,14	F. P.						
	Vilarxoán	48	38	79,17	F. R.						
	Virtudes, As	0	0	-	-						

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente por Orde da Conselleira
de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio

de data 09 XAN. 2018



A xefa do servizo de Planificación
Urbanística (1)

Lucía Linares Yáñez

DILIXENCIA.- Para facer constar que o
presente documento forma parte do PXOM
de Frades, aprobado provisionalmente por
este Concello en Sesión Plenaria celebrada
o día 12 de setembro de 2017.
Frades, 18 de setembro de 2017.
A Secretaria do Concello de Frades.

Asdo.: Carmen Gómez Otero.



		FR	≤	85
85	<	R	≤	95
95	<	E	≤	105
105	<	P	≤	115
115	<	FP		

Da análise da evolución da poboación dos núcleos durante os últimos anos (período 2000-2008) despréndese que dos 73 computables a nivel de censos de poboación no municipio de Frades, 52 teñen o carácter de regresivos ou fortemente regresivos; é dicir, perden poboación en termos absolutos. Só 4 núcleos son progresivos ou fortemente progresivos, o que indica incrementos de poboación por encima do 10%. Os 17 restantes permanecen estacionarios con aumentos inferiores ó 10%.

PARROQUIA	F.R.	R.	E.	P.	F.P.
Abellá (Santo Estevo)	5	4	6	1	-
Aiazo (San Pedro)	-	-	3	-	-
Añá (Santa María)	2	4	-	-	-
Céltigos (San Xulián)	3	1	-	-	-
Frades (San Martiño)	-	2	1	-	-
Gafoi (Santa Mariña)	2	2	1	-	-
Galegos (San Martiño)	3	1	-	-	-
Ledoiira (San Martiño)	1	1	1	1	-
Mesos (Salvador)	3	-	1	-	-
Moar (Santaia)	2	3	1	-	-
Papucín (Santa María)	-	7	2	1	-
Vitre (San Xoán)	4	2	1	-	1
TOTAL	25	27	17	3	1

No que respecta ás parroquias, obsérvase que tódalas parroquias experimentaron un descenso en relación á poboación de 2000, mentres que en ningunha parroquia a tendencia é estacionaria, progresiva ou fortemente progresiva. Se ben non son datos moi fiables xa que atopamos casos onde o índice parroquial vese influenciado pola existencia de núcleos cun índice regresivo ou fortemente regresivo, que descompensan o resultado final.

PARROQUIA	POBOACIÓN 2000	POBOACIÓN 2008	PORCENTAXE	ÍNDICE DE CRECEMENTO
Abellá (Santo Estevo)	525	479	91,24	R.
Aiazo (San Pedro)	175	178	101,71	E.
Añá (Santa María)	188	158	84,04	F. R.
Céltigos (San Xulián)	162	133	82,10	F. R.
Frades (San Martiño)	186	168	90,32	R.
Gafoi (Santa Mariña)	348	306	87,93	R.
Galegos (San Martiño)	286	242	84,62	F. R.
Ledoiira (San Martiño)	178	159	89,33	R.
Mesos (Salvador)	144	92	80,70	F. R.
Moar (Santaia)	380	329	86,58	R.
Papucín (Santa María)	331	297	89,73	R.
Vitre (San Xoán)	210	191	90,95	R.

2.4.- PROBLEMAS DERIVADOS DA DEMOGRAFÍA MUNICIPAL

O problema demográfico máis importante a contemplar, aparte do xeral do país, relativo ó envellecemento da poboación, cun crecemento vexetativo moi baixo, é atender ó saldo migratorio do termo municipal e a unha poboación descontinua, e contar con valores ambientais e naturais notables. Este feito pódese constatar de maneira palpable comparando o crecemento da poboación e do parque de novas vivendas sendo, neste caso, proporcionalmente maior o número das segundas en relación ó primeiro.

Non obstante, hai que sinalar que a distribución da poboación no ámbito do termo municipal é moi desigual. O grande crecemento experimentado, asentouse fundamentalmente nos núcleos rurais situados entre a metade sur do municipio, polas súas boas comunicacións coas estradas N-634, DP-3801 e DP-3802, mentres que nos núcleos da metade norte prodúcese certo estancamento.

2.5.- A ACTIVIDADE ECONÓMICA

Os factores económicos atópanse determinados pola influencia comarcal, permitindo un axuste racional da man de obra nas explotacións agropecuarias, ó posibilitar un sistema de traballo a tempo parcial, compatible con outros noutros concellos da comarca. Isto, unido ó feito de que a concentración parcelaria estendeuse por todo o territorio, sendo Frades un dos poucos municipios de Galicia nos que o 100% dos terreos están redistribuídos e entregados para a súa explotación (hoxe o número de parcelas é a terceira parte das existentes hai vinte



DILIXENCIA.- Para facer constar que o presente documento forma parte do Plan de Frades, aprobado provisionalmente por este Concello en Sesión Plenaria celebrada o día 12 de setembro de 2017.

Frades, 18 de setembro de 2017

A Secretaría do Concello de Frades.

Asdo. Carmen Gómez Otero.

anos), e que permitiu unha boa organización interna das explotacións gandeiras. En canto ó uso do solo, o municipio está especializado en pastos e cultivos forraxeiros. Destaca a existencia dunha cooperativa agraria para a elaboración de pensos.

Non obstante, nos últimos anos o número de explotacións gandeiras reduciuse moderadamente, non así o número de cabezas de gando, pasando das 389 explotacións e 11.389 bovinos en 2002, ás 328 explotacións e 11.582 vacas no ano 2007.

INFORMACIÓN ECONÓMICA

Evolución da distribución económica da poboación activa

	1991	2001
Agricultura e Gandería	54,08%	35,75%
Pesca	0,00%	0,65%
Industria	9,60%	20,16%
Construción	14,23%	13,95%
Servizos	21,23%	29,47%
TOTAL	100%	100%

Nunha análise histórica conséntase a redución da ocupación na agricultura. O 54,08% dedicábase a ela en 1991, reducíndose ó 35,75% en 2001. A taxa actual reduciuse froito da diversificación noutros sectores.

O sector que máis se favoreceu desta diversificación foron os servizos. Ocupaban ó 21,23% en 1991, ascendendo ó 29,47% en tan só dez anos. A súa taxa de ocupación actual sitúan ó sector como a segunda rama principal de ocupación, por debaixo da agricultura.

En canto ós outros sectores, a construción diminuíu desde o 14,23% en 1991 ó 13,95% dez anos despois. A industria experimentou un grande ascenso da súa ocupación, sobre todo o que atinxe á industria manufacturera, pasando do 9,60% no 1991 ó 20,16% de 2001, debido ó empuxe das empresas do sector téxtil, e de extracción de áridos.

Distribución da superficie territorial segundo o seu uso

	1989	1999
Terras labradas	739 Ha	1.177 Ha
Terras para pastos permanentes	2.761 Ha	2.662 Ha
Especies arbóreas e forestais	1.568 Ha	1.061 Ha
Outras terras non forestais	1.116 Ha	1.099 Ha
TOTAL	6.184 Ha	5.999 Ha

Do cadro anterior despréndese que aumentou a superficie de terras labradas, en detrimento da destinada a forestal, mentres que se manteñen as terras dedicadas a pastos, en coherencia co mantemento do número de cabezas de gando bovino que se expoñía anteriormente.

Os cultivos principais que se realizan no concello de Frades, do mesmo xeito que no resto da comarca, son os cereais e os tubérculos.

Número de explotacións (2007)

Número de explotacións	328
Número de parcelas	6.057
Número de vacas	7.204
Número total de bovinos	11.582

Maquinaria (1999)

Motocultores	1.126
Tractores	512
Colleitoras de cereais	31
Outras colleitoras	114

Relación da poboación coa actividade económica (2001)

Poboación activa	1340
Poboación de ocupados	1225
Poboación de parados	115
Poboación inactiva	1317

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente por Orde da Conselleira
de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio

de data **09 XAN. 2018**



A xefe do servizo de planificación
Urbanística II

Lucía Linares Yáñez

DILIXENCIA.- Para facer constar que o
presente documento forma parte do PXOM
de Frades, aprobado provisionalmente por
este Concello en Sesión Plenaria celebrada
o día 12 de setembro de 2017.
Frades, 18 de setembro de 2017.
A Secretaría do Concello de Frades.

Asdo. Carmen Gómez Otero



Porcentaxes na relación da poboación coa actividade económica (2001)

Taxa de actividade	50,4%
Taxa de ocupación	46,1%
Taxa de paro	8,6%

2.6.- PROBLEMAS DERIVADOS DA ACTIVIDADE ECONÓMICA

O municipio presenta unha segmentación clara en canto á súa actividade económica: por un lado, existen zonas con clara vocación agrícola, gandeira e forestal, modernizadas e cunha produción e extensión considerable, entre as que se sitúa unha extensa rede de núcleos rurais vinculados ó aproveitamento destes recursos, e espallados por todo o termo municipal, sendo a parroquia de Mesos a que, estatisticamente, posúe un maior número de gando por estabulación; por outro lado, atopámonos con unha zona de vocación urbana e industrial, destinada tanto a residencia como a industria (entorno de Ponte Carreira). Esta especialización observada no termo municipal, debe servir de guía para a correcta distribución de actividades no territorio, de forma que a creación de solo industrial e residencial de vocación urbana non invada as zonas de actividade agraria, e á vez, se libere do uso industrial a maior parte posible do solo rústico, posto que na actualidade existen enclaves de localización de actividades non relacionadas co aproveitamento dos recursos existentes na zona.

Por outro lado, e aínda que non se detectasen ata a actualidade conflitos co medio agrícola derivados do ámbito do solo urbano, é necesaria unha delimitación da área urbana e os seus crecementos controlados por bolsas homoxéneas, que preserve de forma clara o área rural e o entorno agrícola, e posibilite o correcto desenvolvemento da actividade primaria.

A mellora das vías de comunicación, tanto locais como supramunicipais, considérase fundamental para lograr os obxectivos plantexados. A ampliación da oferta de solo industrial, inexistente a día de hoxe debido á falta de planeamento municipal, debe ser un dos obxectivos prioritarios do P.X.O.M.

2.7.- O MEDIO URBANO

O medio urbano de Frades pódese considerar constituído polo núcleo de Ponte Carreira, pertencente ás parroquias de Gafoi e Ledoira, e situado na confluencia do antigo percorrido da estrada nacional N-634 coa estrada provincial DP-3802. A súa tipoloxía é lineal e longo.

destas dúas estradas, con viarios perpendiculares que conectan este núcleo cos rurais do entorno, sendo a súa tipoloxía edificatoria fundamental a vivenda unifamiliar illada ou pegada, xa que a edificación colectiva é case inexistente. O seu aspecto máis relevante é a presenza de actividades industriais vinculadas ó seu crecemento, así como a localización de determinados equipamentos: escolas, pavillóns polideportivos, centro de saúde, campo de fútbol, etc, aínda que a capitalidade municipal sitúase no núcleo de San Amaro, e a casa consistorial atópase no núcleo de Cimadevila, ambos na parroquia de Frades.

2.7.1.- ANÁLISE DA MALLA URBANA

A malla urbana, no caso concreto do núcleo de Ponte Carreira, atópase formada polo cruce de camiños que constitúen o antigo trazado da estrada N-634 e a estrada provincial DP-3802, arredor do cal foi medrando.

Estes camiños forma a trama básica de Ponte Carreira, en torno ó cal foise creando un núcleo con tipoloxía lonxitudinal extensiva, cunha gran mazá central no espazo que historicamente ocupara o campo da festa.

A definición polo tanto da trama urbana será, a partir deste centro, cara ó nordés, ó longo da estrada vella N-634, ata o seu remate, marcado polas últimas naves vinculadas ó núcleo. Toda a zona conta con servizos urbanísticos consolidados e adecuados para os usos existentes na zona.

Polo suroeste a malla urbana, partindo da zona central antes definida, esténdese ó longo da mesma estrada nacional ata as últimas edificación que se poderían considerar pertencentes este conxunto urbano, lindeiro co núcleo rural de A Ponte Vella. Neste tramo é onde se sitúan as edificacións de vivenda colectiva existentes a día de hoxe no municipio de Frades.

Polo oeste existe un continuo edificado ó longo da estrada DP-3802, que comeza na súa unión co trazado vello da estrada N-364, formando a mazá central desde a que se estrutura o tecido urbano. O solo urbano esténdese ata unha zona de equipamentos docentes e deportivos, no límite co núcleo de A Igrexa. O novo trazado da N-364 cortaríase o solo urbano en dúas zonas, sen embargo, a diferenza de cota entre a estrada nacional e a estrada provincial pola que se desenvolve o solo urbano fan que case non se advirta visualmente esa diferenciación.

Por outra banda as necesidades infraestruturais da poboación foron oportunamente satisfeitas de maneira que a día de hoxe esta trama urbana atópase, toda ela, adecuadamente dotada de servizos urbanísticos axeitados.



DILIXENCIA.- Para facer constar que o documento forma parte do PXOM de Frades, aprobado provisionalmente por o día 12 de setembro de 2017. A Secretaria do Concello de Frades.

Asdo.: Carmen Gomez Otero.



2.8.- PROBLEMAS DERIVADOS DO MEDIO URBANO

A afección principal do solo urbano do termo municipal de Frades prodúcese, como en moitos outros do entorno, na conversión das aldeas orixinarias a núcleos urbanos, deixando tecidos e usos vinculados ó sector primario cunha difícil integración na nova malla urbana, algo que se aprecia totalmente en Ponte Carreira. A isto únese que, debido á grande dispersión tanto de núcleos rurais como edificacións, favorecido pola bonanza da topografía e o clima, prodúcese no ámbito de solo urbano unha baixa presión urbanística que fai que a substitución destas tipoloxías, nalgúns casos representadas por edificacións moi deterioradas e noutros casos por usos totalmente incompatibles co uso residencial, demórese no tempo en exceso.

A afección principal que se produce no núcleo urbano de Ponte Carreira refírese principalmente á súa relación co entorno rural lindeiro, sen case gradiente de edificación cara o solo rústico, coa edificación avanzando ó ritmo que avanzan os servizos e con urbanizacións xurdidas á marxe da legalidade que colonizan ámbitos de solo rústico sen os adecuados mecanismos de xestión que garantan o correcto reparto de cargas e beneficios.

Por outro lado, debido á presión urbanística e á estrutura viaria, o núcleo urbano tende á discontinuidade da edificación, xerándose construcións na periferia sen que aínda se atopen totalmente rematadas as do centro urbano. Sería desexable desde o planeamento a concentración e remate do tecido residencial existente, xerando este a través da redución do solo urbano de licenza directa e a previsión de mecanismos de xestión para o remate das zonas discontinuas.

Por último, a eliminación de barreiras urbanísticas e arquitectónicas como mellora social necesaria, debe acometerse con carácter normativo.

2.9. A VIVENDA

Segundo o Instituto Nacional de Estatística, o concello de Frades contaba no ano 2001 con 929 vivendas familiares, das que 829 eran principais, 90 eran secundarias e 10 estaban baleiras.

Tal e como se foi sinalando nos apartados precedentes, a práctica totalidade da edificación colectiva atópase no núcleo de Ponte Carreira, especializándose a totalidade dos núcleos rurais en vivenda unifamiliar. Por outra banda, os casos de vivenda colectiva fora do solo urbano son inexistentes.

A vivenda principal está repartida por todo o termo municipal, sendo a colectiva toda primeira residencia. As vivendas secundarias localízanse fundamentalmente na periferia dos núcleos rurais ou mesmo en solo rústico e soen pertencer a habitantes do contorno próximo.

2.10.- A ORDENACIÓN MUNICIPAL

2.10.1.- AS DIRECTRICES DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO

O Concello de Frades está situado no segundo cinto de concellos do arco de Santiago e pertence funcionalmente á comarca de Ordes. É un concello eminentemente rural, cunha forte presenza aínda do sector primario na súa estrutura produtiva. O concello de Ordes, ó que se vincula funcionalmente o de Frades, e a súa Vila, están considerados nas Directrices de Ordenación do Territorio, DOT, como Nodos para o Equilibrio do Territorio.

Segundo este documento o Concello de Ordes debe aproveitar as oportunidades asociadas á localización entre dúas Rexións ou Áreas urbanas, debendo actuar de centro de prestación de dotacións e servizos no espazo intermedio entre a Rexión urbana Ártabra e a Área urbana de Santiago.

Atendendo ás DOT o Concello de Frades englobase dentro do denominado Espazo Rural, e atendendo á proximidade de Ordes e ás súas especificidades, debe encadrarse dentro dos denominados espazos rurais intermedios.

"Os espazos rurais intermedios: Sitúanse en espazos relativamente distantes dos centros urbanos principais. Contan cun nivel infraestrutural aceptable e organízanse funcionalmente a partir das áreas de gravitación dos núcleos do Sistema urbano intermedio. Os niveis de despoboamento comezan a ser preocupantes nalgúns casos e manteñen unha base produtiva agropecuaria e forestal con diverso grao de desenvolvemento que pode convivir con iniciativas empresariais non agrícolas, que nalgúns casos acadan un pulo significativo, converténdose en motores de desenvolvemento endógeno."

2.10.2.- O PLANEAMENTO MUNICIPAL

O Concello de Frades, ó día de hoxe, non dispón de figura de planeamento propia para o seu ordenamento municipal, rexéndose, a efectos urbanísticos, polas Normas Complementarias e Subsidiarias Provinciais, aprobadas pola Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas o 3 de Abril de 1991, así como polas normas de aplicación directa da lexislación do solo vixente.

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente por Orde da Consellería
de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio

de data 09 XAN. 2018

A xefa do servizo de Planificación
Urbanística II
Lucía Linares Yáñez

Para facer constar que o presente documento forma parte do PXOM de Frades, aprobado provisionalmente por este Concello en Sesión Plenaria celebrada o día 12 de setembro de 2017.
Frades, 18 de setembro de 2017.
A Secretaría do Concello de Frades.

19
Asdo. Carmen Gómez Otero.



A ausencia de planeamento xeral propio atópase superada pola realidade municipal, sobre todo no que se refire á regulación de usos nos solos agropecuarios. A modernización e ampliación das explotacións gandeiras, a construción de cortes nos núcleos e as súas zonas estremeiras, e a regulación das vivendas no rural son as que aconsellan a revisión das normas vixentes.

Por último, o solo urbano necesita unha revisión, pois o modelo baseado no crecemento ó longo dos camiños e viais existentes con anterioridade plantexa serios problemas de traza e de resolución do contacto das zonas edificadas coas vacantes.

Dado o nivel de desenvolvemento e consolidación atinxido pola edificación, o novo Plan Xeral debe, necesariamente, asumir as determinacións e actuacións iniciadas en base ó mesmo, posibilitando o remate da trama urbana iniciada do modo máis adecuado, e mediante a introducción dos sistemas de xestión previstos na lexislación actual, completar as dotacións de espazos libres e equipamentos tanto para a poboación existente como a futura.

2.10.3.- O PLANEAMENTO DOS CONCELLOS LIMÍTROFES

O concello de Frades linda con seis concellos, nos que o estado do planeamento é o seguinte:

CONCELLO	FIGURA DE PLANEAMENTO	DATA DE APROBACIÓN
Mesía	Plan Xeral de Ordenación Municipal	26/12/2012
Boimorto	Plan Xeral de Ordenación Municipal	06/02/2007
Arzúa	Plan Xeral de Ordenación Municipal	06/10/2008
O Pino	Plan Xeral de Ordenación Municipal	30/06/2003
Oroso	Plan Xeral de Ordenación Municipal	16/02/2005
Ordes	NN. SS. P. Municipal	28/11/1996

O río Samo e o Rego das Virtudes fan de fronteira natural entre os concellos de Frades e Mesía, polo que establécese a clasificación dos terreos limítrofes como solo rústico de especial protección de augas, ampliando a especial protección de espazos naturais outorgada pola lei 9/2001, de Conservación da Natureza e os decretos sucesivos que a desenvolven. Sen embargo, no traballo de campo realizado para a redacción do PXOM, atopáronse dous núcleos rurais, Pereiruga e Reboredo, que establecen dúbidas con respecto á súa localización en cadanseu concello, pero, dado que existen edificacións tradicionais nas zonas que median entre os dous termos municipais, a clasificación para o PXOM de Frades é de núcleo rural, de igual xeito que o é no PXOM de Mesía xa aprobado definitivamente.

O río Tambre é a fronteira natural entre os concellos de Frades e Boimorto, Arzúa e O Pino, en aplicación directa da LOUPMRG, establécese a clasificación dos terreos limítrofes como solo rústico de especial protección de augas.

Do mesmo xeito, os ríos Maruzo e Cabrón son grande parte da fronteira natural entre os concellos de Frades e Oroso, establecéndose a clasificación dos terreos limítrofes como solo rústico de protección natural, cunhas zonas de respecto especial delimitadas. O resto do límite entre os dous concellos está clasificado como solo rústico de protección forestal, polo que non hai zonas de conflito co PXOM, excepto no núcleo de A Garabanxa, delimitado como núcleo rural no PXOM de Oroso, pero que, segundo a cartografía 1/25000 do IGN, pertence en parte a Frades.

As Normas Subsidiarias vixentes no concello de Ordes clasifican os terreos limítrofes con Frades como solo non urbanizable de protección agropecuaria e solo non urbanizable común, sendo de aplicación segundo a LOUPMRG, a mesma clasificación realizada no PXOM, polo que non hai conflitos nos bordes municipais.

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente por Orde da Consellería
de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio

de data 09 XAN. 2018



A xefa do servizo de Planificación
Urbanística III

Lucía Linares Yáñez

2.11.- PROBLEMAS DERIVADOS DA ORDENACIÓN URBANA

2.11.1.- A CLASIFICACIÓN DO SOLO

A redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal debe recoller a totalidade do considerado Solo Urbano, incluíndo aquelas actuacións que, aínda xurdindo á marxe da legalidade, encaixan no plantexamento de ordenación municipal que se pretende. Así mesmo, referente á clasificación deste tipo de solo, a posibilidade de introducir mecanismos de reparto de beneficios e cargas que garantan o correcto desenvolvemento de bolsas de solo enclavadas dentro do núcleo existente, que por diversas causas aparecen sen desenvolver, debe reflectirse nunha solución para as mesmas, que permita completar a trama urbana, efectuar as reservas necesarias para espazos libres e equipamentos, á vez que se garante un correcto desenvolvemento do proceso urbanizador.

A sinalización de todas aquelas áreas que deban ser obxecto de especial protección polos seus valores naturais ou agrícolas, permitirá considerar algunhas áreas de solo do municipio coma apto para o desenvolvemento urbanístico, regulando as condicións que deban cumprirse en cada caso, e establecendo os criterios necesarios para potenciar o desenvolvemento destas bolsas de solo.

DILIXENCIA.- Para facer constar que o presente documento forma parte do PXOM de Frades, aprobado provisionalmente por este Concello en Sesión Plenaria celebrada o día 12 de setembro de 2017.
Frades, 18 de setembro de 2017.
A Secretaría do Concello de Frades.

Asdo.: Carmen Gómez Otero.



Neste senso, o Plan Xeral debe contemplar medidas normativas correctoras que impidan o deterioro medioambiental, e protexan o seu desenvolvemento harmónico entre a paisaxe natural e o crecemento urbano. Destacan polo seu interese naturalístico e medioambiental as zonas limítrofes co curso do río Tambre, protexidas pola Rede Natura 2000.

As zonas de concentración parcelaria nas que se considere a existencia de explotacións agropecuarias rendibles deberán protexerse adecuadamente.

Existen grandes áreas forestais repartidas uniformemente por todo o termo municipal, sobre todo na zona norte, xunto con outras de menor tamaño distribuídas por todo o termo.

2.11.2.- O SOLO URBANO

O solo urbano de Frades concéntrase principalmente en Ponte Carreira, situándose aquí a práctica totalidade da escasa vivenda colectiva existente no termo municipal.

No núcleo de Ponte Carreira deben plantexarse novas rúas que fagan máis xestionable o desenvolvemento do solo urbano.

Por outro lado, case non existe vivenda colectiva, sendo na súa maioría unifamiliares. Non se detectaron problemas graves respecto da implantación do solo urbano no entorno, sendo necesario regular desde o Plan Xeral a localización de novas vivendas seguindo a pauta das existentes así como a substitución de usos vinculados ó sector primario, incompatibles co uso residencial.

En resumo, para o solo urbano, e paralelamente ó desenvolvemento da trama urbana, mediante a introdución de correctos mecanismos de xestión, deben corrírse as deficiencias de solo dotacional e de equipamentos. Este procedemento, permitirá a obtención do solo necesario para a ubicación dos servizos e equipamentos públicos.

2.11.3.- OS NÚCLEOS RURAIS

Os núcleos rurais existentes vense presionados polo desenvolvemento da edificación nos mesmos, observándose unha tendencia cada vez maior a invadir os terreos de cultivo ó non atopar posibilidades de construción nuns núcleos de estrutura moi pechada e parcelas de escaso tamaño e aproveitamento edificatorio. Esta invasión vese ademais apoiada por unha rede de camiños, estradas e pistas de concentración parcelaria que facilitan a ubicación das vivendas fóra da estrutura do núcleo. Esta situación, debido ás especiais condicións climatolóxicas, ambientais e topográficas de todo o concello estendeuse á totalidade do termo

municipal, sendo, na actualidade, poucos os núcleos rurais que conservan a súa estrutura orixinaria.

Este modelo de asentamento baseou a súa implantación na inexistencia de planeamento vixente, pois, ó carecer de zonas de especial protección e ó permitir a construción de vivendas unifamiliares en todo o termo municipal, preséntase como un feito a colonización do solo non urbanizable. Deberá ser prioritario, desde o planeamento, a delimitación de núcleos rurais que partan da situación existente na actualidade, considerada como un feito ineludible, e a acouten co fin de establecer límites, para que no futuro non se volvan a producir as actuais situacións de invasión de terreos rústicos con edificacións. Por outro lado, o recoñecemento dos asentamentos de poboación coas dimensións e edificacións existentes hoxe en día supón a non protección destas áreas de solo, pois teñen as súas capacidades produtiva minguadas ó estar invadidos pola edificación.

Este feito, convintemente analizado, xunto coa introdución dos servizos urbanísticos que se está efectuando nos planos do abastecemento e saneamento, deberá dar lugar, no seu caso, a un replantexamento da actual ordenación nalgúns núcleos, adecuando as premisas da redacción do Plan Xeral ós obxectivos que se fixen para o seu futuro desenvolvemento.

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente por Orde da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio
de data **09 XAN. 2018**
A xefa do servizo de Planificación Urbanística III
Lucía Linares Yáñez

2.11.4.- OS SISTEMAS XERAIS

2.11.4.1.- A rede de comunicacións

É imprescindible o estudo da rede viaria que cruza o termo municipal. A distribución do asentamento de núcleos, predominantemente espallados, fai que as vías de comunicación xoguen un papel primordial no desenvolvemento socioeconómico do concello e da bisbarra. Unha adecuada rede viaria é factor decisivo no aforro de tempo para o transporte de bens e persoas, contribúe á elevación do nivel de vida e fomenta as relacións humanas entre as aldeas.

Neste senso, considérase fundamental o correcto funcionamento das estradas principais que cruzan o termo municipal: a estrada nacional N-634, a estrada autonómica AC-524 e as estradas provinciais DP-3801 e DP-3802.

Plantexado isto, trátase de analizar o vertebramento que produce o resto do sistema viario no termo municipal e os seus efectos sobre a localización dos posibles desenvolvementos.

Deberase recoller na normativa xeral do Plan, un correcto posicionamento das edificacións respecto das vías de comunicación.

DILIXENCIA.- Para facer constar que o presente documento forma parte do PXOM de Frades, aprobado provisionalmente por o concello en Sesión Plenaria celebrada o día 12 de setembro de 2017.
A Secretaria do Concello de Frades.
21
Asdo. Carmen Gómez Otero.



2.11.4.2.- Os equipamentos

O sistema de equipamentos do termo municipal debe ser complementado naqueles casos que máis demanda social poidan ter no momento actual e no futuro, como son os de carácter asistencial e administrativo, e debe buscarse a obtención doutras que incentiven ou promovan a actividade terciaria.

2.11.4.3.- Os espazos libres

Un dos aspectos máis relevantes do Plan Xeral que se pretende, será o facer posible, mediante o establecemento dos oportunos mecanismos de xestión, a obtención dalgúns solos de alto valor naturalístico ou forestal, co fin de os converter en parques urbanos do termo de Frades.

A potenciación dos espazos libres e a creación doutros novos que completen a oferta existente, sobre todo no solo urbano, debe ser un obxectivo prioritario desde a redacción do presente Plan Xeral.

Para posibilitar a materialización destas actuacións, será necesario establecer os sistemas de xestión que as leis contemplan para facer viable a obtención do solo mediante a xusta compensación ós seus propietarios, sen facer onerosa a súa adquisición para o uso e dominio público.

Así mesmo, considérase fundamental o establecemento de cuñas de protección nas marxes do amplo sistema hidrolóxico e fluvial do termo, con especial atención no río Tambre, designado polo decreto 72/2004, de 2 de abril, da Consellería de Medio Ambiente como Zona de Especial Protección dos Valores Naturais, e ratificando o Decreto da Consellería, existe unha decisión da comisión das Comunidades Europeas, de 7 de decembro de 2004, pola que se aproba, de conformidade coa Directiva 92/43/CEE do Consello, a lista de Lugares de Importancia Comunitaria (LIC) da rexión bioxeográfica atlántica, estando incluído o Río Tambre, co código ES1110016, o mesmo que lle asignou a consellería.

2.12.- INCIDENCIA DA LEXISLACIÓN SECTORIAL VIXENTE

Listado da normativa e as actuacións previstas polos distintos organismos sectoriais:

- Organismo: Axencia Galega de Infraestruturas. Consellería de Infraestruturas e Vivenda Xunta de Galicia.

- Lexislación sectorial: Lei 8/2013, de Estradas de Galicia.
- Ámbito: estrada de titularidade autonómica que discorre polo termo municipal: AC-524.
- Afeccións: 100 metros en autovías e 30 metros en estradas convencionais, medidos a partir da aresta exterior da explanación. Neste ámbito, a lexislación sectorial fixa as diferentes zonas e usos permitidos en cada unha delas.
- Actuacións previstas: non se prevén actuacións inmediatas por parte do mencionado organismo para este concello.

- Organismo: Dirección General de Carreteras del Ministerio de Fomento, Demarcación de Carreteras del Estado en Galicia.
 - Lexislación sectorial: Ley 37/2015, de Carreteras.
 - Ámbito: estradas de titularidade estatal que discorren polo termo municipal: N-634 e AP-9.
 - Afeccións: 100 metros medidos a partir da aresta exterior da explanación para autopistas, autovías e vías rápidas e 50 metros para o resto das estradas. Neste ámbito a lexislación sectorial fixa as diferentes zonas e usos permitidos en cada unha delas.
 - Actuacións previstas: non se prevén actuacións inmediatas por parte do mencionado organismo para este concello.

Organismo: Augas de Galicia. Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. Xunta de Galicia.

- Lexislación sectorial: texto refundido da Lei de Augas aprobado por R.D.L. 1/2001, de 20 de xullo. Regulamento do D.P.H. RD 849/1986 de 11 de abril, modificado polo RD 606/2003 de 23 de maio. Plan Hidrolóxico de Galicia-Costa (PHGC) aprobado por RD 11/2016.
- Ámbito: augas continentais, leitos de correntes naturais, continuas ou discontinuas, leitos dos lagos e lagoas e os dos encoros superficiais en ríos públicos, acuíferos subterráneos, ós efectos dos actos de disposición ou de afección dos recursos hidráulicos.
- Afeccións: as marxes dos ríos están suxeitas, en toda a súa extensión lonxitudinal, a unha zona de servidume de 5 metros de anchura, para uso público e unha zona de policía de 100 metros de anchura, no que se condicionará o uso do solo e as actividades que nel se desenrolen.
- Actuacións previstas: non se prevén actuacións inmediatas por parte do mencionado organismo para este concello.

Organismo: Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente por Orde de Conselleiro de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de data 09 XAN. 2018
A xefa do servizo de Planificación Urbanística III
Lucía Linares Yáñez

DILIXENCIA.- Para facer constar que o presente documento forma parte do PXOM de Frades, aprobado provisionalmente por este Concello en Sesión Plenaria celebrada o 12 de setembro de 2017.
Frades, 18 de setembro de 2017.
A Secretaria do Concello de Frades.

22
Asdo.: Carmen Gomez Otero.



- Lexislación sectorial: Orde do 9 de xuño de 2003 pola que se declaran provisionalmente as zonas propostas para a súa inclusión na Rede Europea Natura 2000, como espazos naturais en réxime de protección Xeral (DOG, luns 16 de xuño do 2003, nº 115). Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza. Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia. Espazos naturais e inventario de patrimonio das Normas Complementarias e Subsidiarias Provinciais, de 3 de abril de 1991, DOG nº72 de 16 de abril.
 - Ámbito: espazos naturais inventariados, humidais e calquera outro elemento incluído nalgún dos inventarios sectoriais. Sistema Fluvial do río Tambre, incluído na Rede Natura 2000.
 - Afeccións: variables en función do espazo natural protexido.
 - Actuacións previstas: non se prevén actuacións inmediatas por parte do mencionado organismo para este concello.
- Organismo: Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. Consellería de Cultura e Turismo. Xunta de Galicia.
 - Lexislación sectorial: Lei 16/1985, de 25 de Xuño, do Patrimonio Histórico Español. Lei 5/2016, do Patrimonio Cultural de Galicia. Decreto 449/1973, do 22 de febreiro, sobre protección dos "hórreos" e "cabazos". Decreto 571/1963 de 14 de marzo, sobre protección de escudos, emblemas, pedras heráldicas, rolos de xustiza, cruces de termo e pezas similares de interese histórico-artístico. Decreto de 22 de abril de 1949 sobre protección de castelos españois.
 - Ámbito: elementos arquitectónicos e xacementos arqueolóxicos catalogados polas Normas Subsidiarias Provinciais, municipais ou incluídos nalgún dos inventarios da Dirección Xeral de Patrimonio.
 - Afeccións: variables entre os 50 m e os 200 m dende o punto máis exterior do elemento que se protexe.
 - Actuacións previstas: non se prevén actuacións inmediatas por parte do mencionado organismo para este concello.
- Organismo: Deputación Provincial da Coruña.
 - Lexislación sectorial: Lei 8/2013, de Estradas de Galicia.
 - Ámbito: estradas de titularidade provincial que discorren polo termo municipal: DP-3802.
 - Afeccións: 30 metros medidos a partir da aresta exterior da explanación. Neste ámbito a lexislación sectorial fixa as diferentes zonas e usos permitidos en cada unha delas.
 - Actuacións previstas: non se prevén actuacións inmediatas por parte do mencionado organismo para este concello.

- Organismo: Dirección Xeral de Industria
 - Lexislación: Lei 3/2008, de 23 de maio, de Ordenación da Minería de Galicia. Lei 22/1973, de Minas. Lei 5/1995, de 7 de xuño, de regulación das augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia.

2.13.- ANÁLISE DAS INFRAESTRUTURAS MUNICIPAIS

2.13.1.- INFRAESTRUTURAS VIARIAS

A estrutura viaria do concello de Frades atópase formada por unha estrada da Rede de Interese Xeral (RIXE), a N-634, unha estrada autonómica, a AC-524, dúas estradas provinciais, a DP-3801 e DP-3802, e un número importante de locais, pertencentes ó concello.

A estrutura destas estradas, abarcando as tres tipoloxías, é ramificada, e da servizo de maneira bastante adecuada á meirande parte da poboación.

A estrada N-634, principal comunicación do concello cos veciños municipios de Mesía e O Pino, atravesa o termo municipal polo extremo sueste e serve de principal vía de comunicación ás parroquias, de Céltigos, Ledoira e Gafoi.

A partir da N-634, no núcleo de Ponte Carreira, parte a DP-3802, que atravesa o concello en dirección oeste, en dirección a Ordes. No núcleo de San Amaro nace a DP-3801, en dirección a Sigüeiro, no concello de Oroso.

Pola parroquia máis setentrional do concello, Abellá, discorre a estrada autonómica AC-524, establecendo comunicación cos concellos de Mesía e Ordes. A pouca densidade de poboación desta zona fai que esta estrada se considere suficiente para as necesidades de comunicación das parroquias do norte do Frades.

O resto da rede municipal complementa esta rede principal, podéndose concluir que no concello de Frades non existen parroquias cunha comunicación viaria deficiente.

Extraído do Inventario de Estradas da Deputación de A Coruña, obtéñense os seguintes datos:

DILIXENCIA.- Para facer constar que o presente documento forma parte do PXOM de Frades, aprobado provisionalmente por este concello en Sesión Plenaria celebrada o día 12 de setembro de 2017.
Frades, 18 de setembro de 2017.
A Secretaria do Concello de Frades.

23
Asdo.: Carmen Gómez Otero.



CÓDIGO	LONX. NO CONCELLO	PLATAFORMA	CALZADA	TIPO DE FIRME
DP-3801	5,15 km	9,00 m	7,00 m	Mestura aglom. quente
DP-3802	12,20 km	8,00 m	7,00 m	Mestura aglom. fría

O resto das estradas son de titularidade municipal e teñen anchos, firmes e estados de conservación dispares, non podendo establecerse criterios de prioridade dalgunha delas.

2.13.2.- INFRAESTRUTURAS DE SERVIZOS

2.13.2.1.- Abastecemento de auga

No concello de Frades existe unha rede de subministración de auga potable que cobre grande parte do ámbito municipal. Na parte restante do territorio, o abastecemento faise, en xeral, por medios propios, mediante pozos de auga individuais, ou pequenos abastecementos, por gravidade, desde o manancial ata depósitos reguladores en puntos de maior cota que as vivendas, e dende estes en tubarías de neopreno ata os puntos de consumo.

Para a rede municipal no lugar de A Ponte Vella, parroquia de Gafoi, executouse unha ETAP que dispón dun equipo de captación cunha capacidade total de 24 m³/h, e un equipo de bombeo de 16 KW, que recolle a auga do río Tambre. Mediante unha canalización realizada en fundición, transpórtase a auga ata dous depósitos municipais, un de 300 m³ de capacidade, localizado no lugar de A Croa, a unha cota de case 360 metros de altitude e outro de 1.000 m³ perto do lugar de Gasalla na parroquia de Abellá a cota 437 metros de altitude. Coa capacidade de captación e estes depósitos poderíase abastecer unha poboación equivalente de 6.500 habitantes (200 l/h/día). A partir destes dous depósitos dispónse unha rede realizada en varios materiais que da servizo ás parroquias de Abellá, Mesos, Papucín, Galegos, Frades, Aiazo, Gafoi e Ledoira. Tendo en conta que poboación destas parroquias ascende a 1.921 habitantes estímase que aínda existe capacidade suficiente na rede de abastecemento para triplicar a poboación servida.

2.13.2.2.- Saneamento

O saneamento municipal, debido a razóns evidentes de topografía e espallamento dos núcleos de poboación, non abarca a totalidade das parroquias, solucionando este servizo exclusivamente as zonas de maior densidade de poboación, é dicir, o núcleo de Ponte Carreira e parroquia de Ledoira, polo que o resto das vivendas do concello dispón de sistemas de saneamento autónomos, mediante fosas sépticas unifamiliares.

En datas recentes (maio de 2010) foi aprobado un proxecto polo organismo autónomo Augas de Galicia para colocación de colectores xerais e EDAR en Pontecarreira (clave OH.315.967). Segundo este proxecto dotarase ó núcleo de Pontecarreira de novos colectores e unha EDAR con capacidade para 400 habitantes equivalentes, ampliable a 200 máis, así como un edificio de Tratamento de Fangos por centrífuga para a poboación total do concello de Frades, 2.900 HE. Con estes datos pódese ter por cumprimentada a suficiencia de saneamento no solo urbano do concello, así como a posibilidade de proxectar un sistema de fosas para as diferentes parroquias do concello.

2.13.2.3.- Residuos sólidos urbanos

O Concello de Frades, a día de hoxe, ten recollida de RSU, recollida selectiva e reciclaxe de vidro, recollida de materiais sensibles, como baterías e plásticos agrícolas, e recollida de voluminosos. Na actualidade, conta con punto limpo na parroquia de Céltigos.

O Plan deberá programar unha zona dedicada a ese uso nas zonas industriais a desenvolver.

2.14.- ANÁLISE DOS ESPAZOS LIBRES E EQUIPAMENTOS EXISTENTES

Os equipamentos existentes no concello de Frades localízanse principalmente no núcleo de Ponte Carreira, adquirindo un carácter municipal. Facendo unha análise no ámbito parroquial obtéñense os seguintes datos:

ABELLÁ: a parroquia dispón dun campo de fútbol no lugar de Vedral. No lugar de Fondevila-O Cabexo están a escola e unha pista polideportiva, mentres que en Ponte Carballa localízase unha área recreativa.

AIAZO: no lugar de Bodelo localízase unha área recreativa.

AÑÁ: no lugar do Tarrentos localízase o campo da festa en desuso.

CÉLTIGOS: nesta parroquia localízanse, no lugar de A Igrexa, un local social e unha pista polideportiva.

FRADES: no lugar de Cimadevila atópanse a Casa de Cultura municipal, e tamén un campo de fútbol de herba.

DILIXENCIA.- Para facer constar que o presente documento forma parte do PXOM de Frades, aprobado provisionalmente por este Concello en Sesión Plenaria celebrada o día 12 de setembro de 2017.
Frades, 18 de setembro de 2017.
A Secretaria do Concello de Frades.
24
Asdo.: Carmen Gómez Otero

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente por Orde da Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio
de data 09 XAN. 2018
A xefa do servizo de Planificación Urbanística III
Lucía Linares Yáñez



GAFOI: nesta parroquia hai unha grande concentración de equipamentos, todos eles no núcleo de Ponte Carreira, onde se atopan o centro de día, unha antiga escola unitaria, o centro de saúde, a praza do antigo campo da feira, e o C.P.I. *Ponte Carreira*.

GALEGOS: no núcleo de Pazo - A Ponte atópanse unha pista polideportiva e un local social, nas proximidades do lugar de O Castro hai outra pista polideportiva e un campo de fútbol, e no núcleo de Vistalegre localízase unha antiga escola.

LEDOIRA: no lugar de Receá hai unha pista polideportiva e un local social; no lugar de A Igrexa atópase o campo da festa parroquial, no núcleo de Pontenova-As Costas hai unha praia fluvial, e nas proximidades do núcleo de O Covelo localízase un campo de fútbol.

MESOS: no lugar de A Panica atópanse un local social e un campo de fútbol.

MOAR: no núcleo de A Igrexa localízanse un local social e unha pista polideportiva.

PAPUCÍN: nesta parroquia atópase a piscina municipal, nas proximidades do núcleo de Tarrío, asemade, no lugar de A Casa Vella-A Igrexa hai un local social.

VITRE: no núcleo de O Campo sitúase outro campo de fútbol.

No referente a dotacións de tipo relixioso podemos dicir que en cada parroquia atópase unha Igrexa e un cemiterio, se ben nalgúns casos tamén posúen unha capela, como é o caso da Ermida de San Paio, no lugar de San Paio, parroquia de Añá, a Capela de San Amaro, no lugar de San Amaro, parroquia de Frades, a Capela de San Roque, en Moar, parroquia de Moar, e a Ermida das Augas Santas e a Capela da Nosa Señora das Virtudes, nos lugares do mesmo nome da parroquia de Vitre.

De todo isto dedúcese que son os núcleos que se atopan mellor comunicados os que aportan un maior número de servizos e dotacións, tanto a escala parroquial como municipal, onde as estradas N-634, AC-524, DP-3801 e DP-3802 representan un papel moi importante.

CÓDIGO	EQUIPAMENTO	LOCALIZACIÓN	PARROQUIA	SUPERFICIE
REL-01	Igrexa parroquial	Sobre dos Campos	Abellá	596 m ²
CEL-01	Cemiterio	Pazo, O	Abellá	2.341 m ²
DCL-01	Escola	O Cabezo	Abellá	1.852 m ²
DPL-01	Pista polideportiva	O Cabezo	Abellá	1.744 m ²

ELL-01	Área recreativa	Ponte Carballa	Abellá	6.494 m ²
RCL-02	Conxunto parroquial	A Igrexa	Aiazo	3.748 m ²
ELL-02(a)	Campo da festa	A Igrexa	Aiazo	534 m ²
ELL-02(b)	Parque rural	A Igrexa	Aiazo	1.001 m ²
SCL-02	Local social	O Fontelo	Aiazo	622 m ²
RCL-03	Conxunto parroquial	Igrexa, A	Añá	530 m ²
CEL-03	Cemiterio	Carballiño	Añá	1.607 m ²
REL-03	Ermida de San Paio	San Paio	Añá	1.153 m ²
SCL-03	Antigo campo da festa	Tarrentos	Añá	3.396 m ²
ELL-03	Área recreativa	Gandarón	Añá	3.168 m ²
RCL-04	Conxunto parroquial	Igrexa, A	Céltigos	1.128 m ²
ELL-04	Espazo libre	Igrexa, A	Céltigos	334 m ²
DPL-04	Pista polideportiva	Igrexa, A	Céltigos	2.215 m ²
SCL-04	Local social	Alemparte	Céltigos	1.762 m ²
RCL-05	Conxunto parroquial	Piñeiro	Frades	1.243 m ²
REL-05	Capela de San Amaro	San Amaro	Frades	959 m ²
ELL-05	Espazo libre	San Amaro	Frades	123 m ²
RCL-06	Conxunto parroquial	A Igrexa	Gafoi	2.395 m ²
SRL-01	Instalacións telefonía	Ponte Carreira	Gafoi	142 m ²
RCL-07	Conxunto parroquial	Pazo-A Ponte	Galegos	2.481 m ²
DPL-07	Campo de fútbol	Próx. O Castro	Galegos	14.249 m ²
SCL-07(a)	Local social	Pazo-A Ponte	Galegos	2.734 m ²
SCL-07(b)	Antiga escola	Vistalegre	Galegos	1.220 m ²
ELL-07(a)	Campo da festa	Pazo-A Ponte	Galegos	3.442 m ²
ELL-07(b)	Aparcadoiro	Pazo-A Ponte	Galegos	465 m ²
ELL-07(c)	Espazo Libre	Pazo-A Ponte	Galegos	2.816 m ²
RCL-08	Conxunto parroquial	Igrexa, A	Ledoirá	1.484 m ²
DPL-08	Pista polideportiva	Quintás, As	Ledoirá	1.520 m ²
ELL-08	Campo da festa	Igrexa, A	Ledoirá	804 m ²
SCL-08	Local social	Quintás, As	Ledoirá	553 m ²
RCL-09(a)	Conxunto parroquial	Os Canedos	Mesos	3.716 m ²
RCL-09(b)	Conxunto parroquial	San Nicolás	Mesos	4.131 m ²
DPL-09	Campo de fútbol	A Panica	Mesos	817 m ²
SCL-09	Local social	A Panica	Mesos	350 m ²
ELL-09	Espazo Libre	San Nicolás	Mesos	9.317 m ²
RCL-10	Conxunto parroquial	Igrexa, A	Moar	1.806 m ²
CEL-10	Cemiterio	Igrexa, A	Moar	3.212 m ²
REL-10	Capela de San Roque	Moar	Moar	1.637 m ²
DPL-10	Pista polideportiva	Igrexa, A	Moar	4.346 m ²

JUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente por Orde da Conselleira
de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio

de data 09 XAN. 2018

A xefa do servizo de Planificación
Urbanística II
Lucía Linares Yáñez

DILIXENCIA.- Para facer constar que o presente documento forma parte do PXOM de Frades, aprobado provisionalmente por este Concello en Sesión Plenaria celebrada o 18 de setembro de 2017.
Frades, 18 de setembro de 2017.
A Secretaría do Concello de Frades.

25
Asdo.: Carmen Gómez Otero.




SCL-10	Local Social	Igrexa, A	Moar	168 m ²
ELL-10(a)	Espazo libre	Moar	Moar	1.147 m ²
ELL-10(b)	Espazo libre	Igrexa, A	Moar	1.626 m ²
RCL-11	Conxunto parroquial	A-Igrexa, A	Papucín	4.937 m ²
SCL-11	Local social	A-Igrexa, A	Papucín	3.109 m ²
RCL-12	Conxunto parroquial	Igrexa, A	Vitre	3.479 m ²
REL-12(a)	Capela N.S. das Virtudes	Virtudes, As	Vitre	833 m ²
REL-12(b)	Ermida das Augas Santas	Augas Santas	Vitre	11.922 m ²
DPL-12	Campo de fútbol	Campo, O	Vitre	8.154 m ²
ELL-12	Espazo libre	Virtudes, As	Vitre	5.820 m ²
SCL-12	Local Social	Vilarxoán	Vitre	4.748 m ²

CÓDIGO	EQUIPAMENTO	LOCALIZACIÓN	PARROQUIA	SUPERFICIE
DPX-01	Campo de fútbol	Vedral	Abellá	9.461 m ²
SAX-01	Centro de saúde	Sobre dos Campos	Abellá	2.708 m ²
SCX-01	Local social	Vedral	Abellá	1.461 m ²
SRX-02	Depósito de Auga	Prox. A Gasalla	Abellá	4.875 m ²
ELX-02	Área recreativa	Bodelo	Aiazo	24.528 m ²
SRX-06	Punto Limpo	Alemparte	Céltigos	5.470 m ²
ADX-01	Casa do Concello	Cimadevila	Frades	898 m ²
SCX-02	Casa da Cultura	Cimadevila	Frades	1.080 m ²
DCX-01	Centro C.P.I. Ponte Carreira	Ponte Carreira	Gafoi	16.259 m ²
ELX-01	Praza do Campo da feira	Ponte Carreira	Gafoi	4.231 m ²
SAX-02	Centro de saúde	Ponte Carreira	Gafoi	504 m ²
SAX-03	Centro 3ª Idade	Ponte Carreira	Gafoi	454 m ²
SCX-03	Antiga escola unitaria	Ponte Carreira	Gafoi	708 m ²
SRX-01	E.D.A.R.	A Ponte Vella	Gafoi	3.171 m ²
SRX-04	E.D.A.R.	A Igrexa	Gafoi	2.337 m ²
DPX-02	Campo de fútbol	Próx. O Covelo	Ledoira	12.025 m ²
ZVX-01	Praia Fluvial	As Costas	Ledoira	6.539 m ²
DPX-03	Piscina municipal	Próx. Tarrío	Papucín	15.896 m ²

XUNTA DE GALICIA
Aprobado definitivamente por Orde da Conselleira
de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio

de data **09 XAN. 2018**

A xefa do servizo de Planificación
Urbanística III


Lucía Linares Yáñez

DILIXENCIA.- Para facer constar que o presente documento forma parte do PXOM de Frades, aprobado provisionalmente por este Concello en Sesión Plenaria celebrada o día 12 de setembro de 2017.
Frades, 18 de setembro de 2017.
A Secretaria do Concello de Frades.

26
Asdo.: Carmen Gómez Otero.

